


CGAC

———— CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA ————

INTRODUCCIÓN | ORGANIGRAMA | EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES 2021 | EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES CO APOIO DO XACOBEO 2021-22 | CGAC COLECCIÓN. COMPRAS E DOAZÓN 2021 | CESIÓN DE ESPAZOS | INTERNET E REDES SOCIAIS | NÚMERO DE VISITANTES | INFORME ECONÓMICO 2021 E 2022 | PROGRAMA DE EXPOSICIÓN E ACTIVIDADES 2022 | PROPOSTAS DE ADQUISICIÓN 2022



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN		05
ORGANIGRAMA		07
INFORME EXECUCIÓN PROGRAMACIÓN AÑO 2021		09
EXPOSICIÓN	09	
EXPOSICIÓN CO APOIO DO XACOBEO 2021-22	17	
ACTIVIDADES	21	
CGAC_COLECCIÓN. COMPRAS E DOAZÓN 2021	31	
CESIÓN DE ESPAZOS	41	
INTERNET E REDES SOCIAIS	45	
NÚMERO DE VISITANTES	47	
INFORME ECONÓMICO 2021 E 2022		49
PROGRAMACIÓN AÑO 2022		53
PROPOSTA DE EXPOSICIÓN	53	
PROPOSTA DE ACTIVIDADES	63	
PROPOSTAS DE ADQUISICIÓN	71	

INTRODUCCIÓN

O Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural cuxa principal misión consiste en dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea.

EXPOSICIÓNS

Desde os seus inicios, o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante exposicións temporais dedicadas a difundir entre o público galego a obra de artistas de recoñecido prestixio internacional.

Outra das liñas de traballo do Departamento de Exposicións, centrada na investigación sobre a evolución histórica do contexto artístico en Galicia, concrétese nunha serie de exposicións de revisión de autores e momentos claves, pero sen esquecer a aposta polos talentos emerxentes, que lle corresponde ao museo como difusor e catalizador dos debates artísticos máis vixentes.

Por último, o centro dedica os seus esforzos á divulgación e posta en valor da Colección CGAC a través de presentacións temáticas e parciais dos seus fondos, que reflicten a diversidade de debates e tendencias representativas da arte actual.

COLECCIÓN

O centro conta, desde 1995, cunha colección permanente que non deixou de se enriquecer con incorporacións de obras procedentes do contexto galego e internacional, con especial atención aos artistas españois, portugueses e latinoamericanos.

Os seus fondos fóronse incrementando grazas a unha política de adquisicións coherente, baseada en criterios de calidade e diversidade. Na actualidade conta con máis de

1.300 pezas adquiridas con cargo aos orzamentos anuais da institución ou ben mediante doazóns de coleccionistas particulares, institucións ou artistas.

O centro alberga, ademais, fondos pertencentes á colección da Xunta de Galicia e á Colección Carlos Areán.

O crecente número de préstamos solicitados por outras institucións é, sen dúbida, o mellor indicador da relevancia e prestixio conseguidos pola política de adquisicións e depósitos desenvolvida até hoxe polos sucesivos equipos directivos do centro.

ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

O Departamento de Actividades e Educación do CGAC

desenvolve o seu programa cunha finalidade primordial: achegar a arte á sociedade a través da análise rigorosa de cuestións cruciais inherentes á actividade artística contemporánea.

Por iso, ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas, a arquitectura, a moda e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

Ao mesmo tempo, o centro desenvolve programas específicos para familias, centros educativos, determinados grupos profesionais ou colectivos con necesidades especiais e mantén un servizo de visitas guiadas, co propósito de dotar os distintos públicos que se achegan ao museo das ferramentas necesarias para entender a arte actual e, por extensión, o mundo no que vivimos.

PUBLICACIÓNS

As publicacións son outro dos piares do proxecto cultural dun centro que, desde o inicio, prestou sempre especial atención ás posibilidades creativas da edición. O Departamento de Publicacións do CGAC encárgase da elaboración e supervisión do material gráfico e os documentos de difusión das exposicións e actividades do museo.

Baseándose nun modelo no que priman o diálogo e a colaboración cos diferentes axentes do mundo da arte, desenvolve unha intensa actividade editorial que se reflicte nos seus catálogos de exposicións, monografías e libros de artista, así como nunha liña paralela de publicacións que recompilan outros documentos e materiais incorporados ao seu fondo editorial a partir dos encontros e sinerxías xerados pola actividade do centro.


O catálogo do CGAC, que hoxe en día supera xa os 300 títulos, contribúe a documentar e divulgar as liñas de traballo desenvolvidas polos diferentes departamentos do centro, a afondar no estudo da arte contemporánea e a difundir nos circuitos internacionais da arte o traballo de artistas, críticos e comisarios.

BIBLIOTECA

Entre outros servizos, o CGAC conta cunha biblioteca especializada en arte e cultura contemporánea, dirixida a persoas investigadoras, estudantes e ao público en xeral. Entre as súas funcións principais destaca o labor de documentación e asesoramento que presta aos distintos departamentos do centro para o desenvolvemento da súa actividade.



ORGANIGRAMA DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



EXPOSICIÓNS 2021



CULTIVAR INCERTEZAS: REFORMULAR O ESPAZO / CONMOCIONAR A MIRADA

COMISARIO: ÁNGEL CERVIÑO

29 XANEIRO 2021 - 23 MAIO 2021

PLANTA BAIXA E PRIMEIRA

ARTISTAS PARTICIPANTES

ERIK BALBUENA, VICENTE BLANCO, TERESA BÚA, MÓNICA CABO, ROSENDO CID, SALVADOR CIDRÁS, MARCOS COVELO, VICTORIA DIEHL, MANUEL EIRÍS, SUSO FANDIÑO, ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA, DAVID FIDALGO OMIL, BASILISA FIESTRAS, AMAYA GONZÁLEZ REYES, JULIA HUETE, MARTA LORENZO, RUT MASSÓ, MANUEL MATA, NANO 4814, ÁLVARO NEGRO, DOA OCAMPO, KIKO PÉREZ, JORGE PERIANES, MAR RAMÓN, RUBÉN RAMOS Balsa, JUAN RIVAS, BORJA SANTOMÉ, SANDRA VARELA, MAR VICENTE, VERÓNICA VICENTE

Coincidindo co 30.º aniversario da posta en marcha da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (1990-2020), o proxecto expositivo *Cultivar incertezas. Reformular o espazo / conmocionar a mirada* pretende amosar unha selección significativa de traballos plásticos realizados polo alumnado que pasou polas súas aulas ao longo do xa superado cuarto de século de actividade.

Seleccionáronse trinta artistas que cobren o arco temporal das diferentes promocións, desde os licenciados nos primeiros anos de existencia da Facultade até os que aínda se atopan finalizando, agora mesmo, a súa etapa formativa. Cada artista estivo representado na exposición por unha obra, ou conxunto de obras, de especial relevancia dentro da súa traxectoria; na súa gran maioría, optouse por obras adquiridas por museos, institucións e coleccións privadas –moitas delas pertencen á propia Colección CGAC– pechando así o círculo do imprescindible apoio social e institucional á produción artística.

O cinco lustros de diferenza consumados entre os artistas presentes na exposición, supoñen case o cómputo de tempo dun salto de xeración (aqueles mozos que ían facer 30 anos no 2000, farán 50 no 2020); de xeito que assistiremos tamén, mediante o despregamento deste conxunto de proxectos, a algo que se aproxima bastante a unha nova substitución xeracional, con todos os cambios de modelo que isto implica.

En paralelo á exposición, Natalia Poncela e Miguel Anxo Rodríguez coordinaron un intenso programa de actividades estruturado nun ciclo de mesas de debate, seminarios, conferencias e encontros con artistas. Ao mesmo tempo, o espazo Aula Aberta, acondicionado para ese fin nas salas do CGAC, e os espazos docentes da Facultade de Belas Artes acolleron diversas clases, seminarios e presentacións dos grupos de investigación da propia universidade.

Un dobre proxecto de edición completará este programa expositivo: o libro-catálogo da mostra coa correspondente documentación gráfica, e unha segunda publicación, cuxa función será documentar e rexistrar as achegas e propostas xurdidas dos debates, encontros e actividades.



PAULINE OLIVEROS

COMISARIO: ÁLVARO RODRÍGUEZ FOMINAYA

25 DE FEBREIRO - 13 DE XUÑO 2021

DOBRE ESPAZO E AUDITORIO

O CGAC, en colaboración co C3A de Córdoba, presenta en 2021 a primeira mostra retrospectiva da compositora estadounidense Pauline Oliveros (Houston, Texas, 1932--2016).

Pauline Oliveros é unha pioneira da música electrónica e creadora do concepto de *deep listening* (escoita profunda). Nos anos sesenta participa na fundación do San Francisco Tape Center, do que será primeira directora trala súa integración no Mills College. O seu traballo no ámbito da improvisación, a meditación, a *performance*, a música electrónica e o seu labor como académica, editora e activista, desbordan calquera intento de clasificación. A súa investigación ao redor da escoita e o son, culmina coa creación da Deep Listening Band e a fundación do Deep Listening Institute, actualmente coñecido como Center for Deep Listening en Rensselaer (Troy, Nova York).

Pauline Oliveros colaborou con moitos dos grandes músicos, coreógrafos e artistas da súa época, entre os que están Steve Reich, John Cage, David Tudor, Merce Cunningham, Elaine Summers, Alison Knowles, Allan Kaprow, Paula Josa-Jones, Deborah Hay, Sonic Youth, Susan Marshall e Ione.



BREAKING THE MONUMENT

COMISARIO: FERNANDO GÓMEZ DE LA CUESTA

26 DE FEBREIRO - 27 DE XUÑO 2021


PLANTA SOTO

ARTISTAS PARTICIPANTES

ANA LAURA ALÁEZ, MANAL AL DOWAYAN, GHADA AMER, ZOULIKHA BOUABDELLAH, KIMSOOJA, CLAUDIA PEÑA SALINAS, MARINELLA SENATORE, MARÍA MARÍA ACHA-KUTSCHER

O poder das imaxes, dos símbolos, da icona, pero tamén a representación política da historia, as súas manipulacións e omisións, son cuestións sobre as que se reflexionou de forma abundante desde a propia teoría e a historia da arte. O novo monumento xa non é aquel que comparece sobre o pedestal no espazo público, xa non se trata da métopa sobre o muro, da placa sobre a parede, do busto do político, do retrato ecuestre do militar, da estatua do evanxelizador, da homenaxe ao conquistador, nin deses fálicos monólitos que se manteñen erectos nas nosas prazas. O novo monumento responde a iconografías máis sibilinas que son indiscriminadamente distribuídas polas redes, signos enxeñosos que nos resultan atractivos na súa superficie, símbolos de aparencia amable que asimilamos case sen darnos conta, sen apenas xerar conflito, pero que van institucionalizando no noso interior todas esas ideas tiranas e indiscriminadas, que van logrando os seus demoledores obxectivos, en ocasións desde o ruído, noutras desde o silencio e a ocultación.

Breaking the Monument é unha selección de obras de artistas provenientes de contextos moi diferentes que, de moi diversas maneiras, atacan o poder das imaxes preestablecidas, de todas aquelas que nos manipulan e condicionan, que nos limitan, que nos reprobán, censuran e autocensuran. Un conxunto de creadoras que traballan desde a sutileza, pero tamén desde o ataque frontal, desde a iconoclastia e a subversión dos símbolos, desde unhas novas imaxes de loita e de contrapoder, desde a omisión, a transmutación e a ironía, desde a visibilización e o conflito, unha imaxinería de defensa, reacción e contraataque, que opera desde a barricada e a poesía, que funde os bronce, que converte en entullos o mármore, que crea as novas imaxes de resistencia desde a emoción e a razón.



PILAR ALBARRACÍN. ACCIÓNS PEREGRINAS

COMISARIADO: PERFORMA S. COOP. GALEGA (DAVID BARRO, MÓNICA MANEIRO, IÑAKI M. ANTELO)

26 MARZO - 6 XUÑO 2021

HALL E ESPAZO DE PROXECTOS

Accións peregrinas é o título da exposición que a artista andaluza Pilar Albarracín (Sevilla, 1968) presentou no CGAC. Esta mostra de carácter introspectivo intégrase dentro da programación da segunda edición de *Plataforma. Festival de artes performativas* que tamén contou este ano coa presenza da artista coma unha das performers invitadas.

Pilar Albarracín é unha das creadoras claves na renovación das linguaxes artísticas en España durante os anos noventa. A exposición *Accións peregrinas* reúne algunhas das súas instalacións paradigmáticas xunto a vídeos, fotografías e documentación, que axudan a revelar a condición política e antropolóxica do seu traballo, así como o carácter lúdico e irónico das súas accións. O seu particular achegamento á *performance* e as súas obras máis contextuais, do mesmo xeito que instalacións como *Muro de geranios* (Muro de xeraniums, 2005), *Hormiga* (Formiga, 2010/2021) ou *Techo de ofrendas* (Teito de ofrendas, 2004), compoñen o núcleo central dunha selección de pezas que mostran o sentido conceptual do traballo de Pilar Albarracín.

Xunto a esta revisión da iconografía e a tradición, en *Accións peregrinas* tamén queda patente un feminismo que reivindica a presenza da muller desde a intelixencia e a provocación, xogando a mudar a súa imaxe cunha visión marcada pola visceralidade e o humor, para romper esquemas dos arquetipos femininos presentes na España das últimas décadas.

Como peche da mostra, Pilar Albarracín presentou unha *performance* durante os días nos que se desenvolveu *Plataforma. Festival de artes performativas*.



CARLES FONTSERÉ E CAMILO JOSÉ CELA. NUEVA YORK AMARGA

COMISARIOS: SANTIAGO OLMO E ADOLFO SOTELO,
COA PARTICIPACIÓN DE COVADONGA RODRÍGUEZ
3 XUÑO - 26 SETEMBRO 2021
PLANTA BAIXA

O CGAC adquiriu en 2017 o arquivo fotográfico de Camilo José Cela, que ata ese momento estaba depositado na Fundación Camilo José Cela en Iria Flavia, en Padrón. Este arquivo está composto por tres conxuntos de fotografías e negativos que foron utilizados polo escritor para proxectos literarios e libros: o primeiro fórmano as fotografías e o negativos de Karl Wlasak, que se utilizaron para ilustrar a primeira edición de *Viaje a la Alcarria* (1948); o segundo, as fotografías e os negativos realizados por Enrique Palazuelo en Madrid a finais dos anos cincuenta e que Cela utiliza para escribir e ilustrar o seu proxecto literario *Nuevas escenas matritenses*; e, por último, as fotografías de Carles Fontseré realizadas a finais da década dos sesenta e durante os primeiros anos setenta en Nova York para que Cela escribise un libro dedicado a esta cidade norteamericana e titulado *Nueva York amarga*. O libro non chegou a publicarse xa que o autor apenas escribiu 5 capítulos, pero os textos manuscritos consérvanse no arquivo da Fundación Camilo José Cela en Padrón. Co obxectivo de iniciar un proceso de investigación sistemático deste fondo, e en contacto coa Universidade de Barcelona, a través do grupo de investigación sobre Camilo José Cela dirixido polo catedrático Adolfo Sotelo, e coa Fundación Camilo José Cela de Padrón, impulsouse o proxecto sobre a relación entre o escritor de Iria Flavia e o fotógrafo catalán Carles Fontseré para o proxecto inconcluso *Nueva York amarga*.

A parte correspondente a Carles Fontseré, arredor de 350 fotografías en branco e negro, foi utilizada nunha exposición específica sobre o proxecto *Nueva York amarga*. A exposición, que mostrou arredor de 140 destas fotografías, formula reconsiderar a historia deste proxecto non realizado poñendo en relación as fotografías enviadas por Fontseré a Cela e o epistolario que estes intercambiaron.

Por outra parte, tamén se mostraron en vitrinas os orixinais manuscritos de Cela.

Coincidindo coa exposición tivo lugar o congreso *Cela: palabra e imaxe*, organizado polo Departamento de Literatura Hispánica, Teoría da Literatura e Comunicación da Universidade de Barcelona.



DAVID LAMELAS. LONXE, AMÉRICA

COMISARIO: PEDRO DE LLANO
23 DE XULLO - 3 DE OUTUBRO 2021
HALL, AUDITORIO, DOBRE ESPAZO E SOTO

David Lamelas (Bos Aires, 1946) é unha figura clave da arte conceptual e un dos grandes protagonistas da escena artística arxentina na década dos sesenta. Desde os inicios, a súa obra distinguiuse por unha singular capacidade camaleónica para se adaptar a distintos contextos, xa fosen artísticos, arquitectónicos, xeográficos ou sociais, en capitais como Londres, Bruxelas, París, Milán, Los Angeles, Nova York ou Berlín.

Como integrante do movemento conceptual o seu traballo partiu do desexo de "producir formas escultóricas despoxadas de volume físico" e derivou cara a unha reflexión crítica sobre os medios artísticos, en liña coa idea dunha arte *desmaterializada*. Fíxoo, por exemplo, a través da incorporación da linguaxe nas súas obras, en pezas tan emblemáticas como o libro de artista *Publication* (1970); do diálogo constante entre a fotografía e a imaxe en movemento; ou mediante a súa

orixinal incorporación do cinema e os seus referentes ao contexto das artes plásticas. Outros aspectos importantes ao longo da súa traxectoria foron a representación da temporalidade e do espazo, a crítica institucional, a relación entre a arte e os medios de comunicación de masas, a construción de ficcións —e as súas consecuencias na realidade— ou as relacións entre as artes visuais e a literatura.

A exposición no CGAC é a súa primeira retrospectiva en España, logo da dedicada á súa obra fílmica polo Centro José Guerrero de Granada en 2009. Nela mostrouse a evolución do seu traballo a través de distintas etapas, desde os inicios a primeiros dos sesenta en Bos Aires ata o momento presente, e asemade incideuse en dúas cuestións importantes: a relación de Lamelas con Galicia (os seus pais emigraron desde Manzaneda e Castro Caldelas durante a Guerra Civil) e a importancia do proxecto e mais do debuxo na súa práctica artística ao longo de toda a súa carreira; ben sexa como debuxos autónomos, como sucede na serie *Aleph* (1986-1989), ou como medio para desenvolver unha idea, no ámbito escultórico, fotográfico, fílmico ou arquitectónico.

Co gallo da exposición editáronse dous volumes. Por unha banda, un catálogo cunha colección de textos de David Lamelas (algúns inéditos) e outros encargados para a ocasión a historiadores da arte que se ocuparán de distintos aspectos na súa traxectoria: a relación con Galicia, a fotografía, o cinema, o debuxo... Por outra banda, vaise reeditar e traducir a galego e a castelán unha das súas obras máis emblemáticas, o libro de artista *Publication*, de 1970.



FSWD / IDENTIDADE E TERRITORIO

COMISARIADO: UQUI PERMUI (DAG), ÁNGEL MARTÍNEZ (ADCV), GLORIA ESCRIBANO (DIMAD), JUAN LÁZARO (CUENCA DISEÑO)

14 OUTUBRO 2021 - 30 XANEIRO 2022

ESPAZO DE PROXECTOS, HALL E AUDITORIO

From Spain With Design (FSWD) é un proxecto de READ, Red Española de Asociaciones de Diseño, concibido de forma colaborativa como unha ferramenta para a proxección do deseño español a nivel nacional e internacional.

Neste marco, presentamos a exposición *FSWD / Identidade e territorio*, que recolle proxectos de deseño de distintas áreas que, máis aló de responder ao lema da convocatoria, destacan pola súa calidade, pola súa proxección no mercado nacional e internacional, por ser un modelo de sinerxía entre deseñador e empresa, por dar respostas coherentes e construír valor.

A esta idea vertebradora súmanse distintos eixes conceptuais que contribúen a acoutar unha selección de 135 obras de diferentes ámbitos: **Identidade e territorio**, **Interseccións**, **Internacionalización**, **Sustentabilidade** e **Complicidades**. A través deles achegámonos de maneira sutil aos relatos que nos ofrecen tanto obxectos como espazos ou formas de comunicar; que tiveron como obxectivo un uso, unha utilidade, un fin; e que crearon identidade desde o contexto en que naceron, co que responderon a un problema ou demanda e, sobre todo, á necesidade das persoas.

Identidade e territorio. É o eixo principal que recolle propostas que falan do patrimonio e que suman as voces

dos seus habitantes, beben dunha cultura e un espazo natural e unha identidade local para crear un imaxinario propio que dialoga cun relato universal e global. O deseño interpreta —e interpela— o sentimento de pertenza, modos de actuar nun espazo xeográfico, valores, regras e lazos comunitarios en relación co territorio e vólveos a situar cunha mirada transformadora. Así o manifestan obras como *Baleas* de Jon Abad, que nos falan do mar e da memoria vasca ou *Val de Barco* de Tomás Alonso, unha reinterpretación do traballo artesanal, realizada con granito de Vincios e madeira de castiñeiro de Lalín. Pezas que contrastan cos parasoles de Odosdesign, que nos falan da calor e do sol mediterráneo.

Interseccións. A práctica do deseño atravesada cada vez máis áreas e conecta diversos ámbitos e actividades profesionais, situándose en espazos amplos, transversais, que vinculan diferentes categorías e disciplinas, dando como resultado solucións ás veces híbridas, non necesariamente máis complexas, pero que abarcan un terreo ás veces inclasificable. Cruzamentos conceptuais, eixes temáticos confrontados, converxencias e diverxencias creativas, percorridos comúns que transforman o linealmente establecido. Neste bloque contamos con obras de Pep Carrió, Idoia Cuesta ou Martín Azúa entre outros. Artesanía, publicidade, arte, deseño, exploracións conceptuais e formais danse a man achegando novas visións obxectuais ou comunicacionais.

Internacionalización. Actualmente, son moitos os e as profesionais españois —profesionais independentes, estudos, e empresas— que contan cunha proxección internacional, xa sexa porque lograron introducir produtos ou servizos no mercado, porque desenvolven contidos e procesos ou porque recibiron recoñecementos e/ou galardóns. Traballar e producir máis aló das nosas fronteiras é un investimento a longo prazo e unha experiencia que suma cada vez máis casos de éxito, tal é o caso dos deseños de Patricia Urquiola, Mormedi, Luzifer, Leblume, DIARADESIGN ou Javier Jaén, cuxos traballos, entre outros, se mostran en FSWD.

Sustentabilidade. O deseño pode e debe ter un impacto positivo na nosa contorna habitada, na mobilidade, os bens, as ideas, a industria, o emprego e en toda a nosa forma de vivir. É necesario facer constar os impactos ambientais e buscar procesos máis saneados e escenarios innovadores e respectuosos coa contorna, así contamos con algúns proxectos experimentais como a cadeira realizada con cordas e redes de pesca de Amalia Puga ou o Cultivo desterrado de Rafa Monge.

Complicidades. Poderíamos dicir que este eixe é transversal a toda a exposición porque o momento actual nos obriga a debuxar o mundo contando co benestar das persoas, asumindo desafíos de maneira moito máis responsable. A modo de exemplo, destacamos as intervencións de Arauna Studio / Rai Pinto, deseñadas para mellorar a experiencia dos nenos nos hospitais, ou unhas lentes que converten o espazo 3D circundante en sons intuitivos, concibidas por Alegre Design e pensadas para ofrecer a mellor experiencia de usuario.

FSWD / Identidade e territorio quere visibilizar diversas e variadas iniciativas levadas a cabo por profesionais españois nos últimos anos para difundir a capa produtiva e que conta con aliados como as empresas produtoras e distribuidoras. Empresas que entenden o papel da disciplina, a súa poder transformador, a súa achega á sociedade, ás que agradecemos o seu papel colaborador para realizar esta exposición.

Os camiños do deseño español ábrense constantemente a novas perspectivas de desenvolvemento e negocio para profesionais e empresas de distintos campos, tanto localmente, como no estranxeiro. Hai talento, hai creatividade, experimentación e investigación. Enxeño, fortaleza, pluralidade cultural, innovación, heteroxeneidade e emoción definen este territorio de ideas que abarcan centro, periferia e como non, o global e universal.

Pero nun panorama aínda atomizado, requírense sempre máis impulsos para conseguir impactar no mercado e facer fortes as oportunidades. Por iso esperamos que esta exposición —que é unha acoutada

selección de propostas dun amplo e excelente quefacer por toda a nosa xeografía— achegue o bo deseño ao gran público e colabore a situar e prestixiar, aínda máis, o papel que pode e debe cumprir esta disciplina. Traballos de deseño industrial, deseño gráfico, interiorismo e deseño de servizo, algúns transversais a compartimentos estancos así como outros expostos nos límites destas definicións, dialogan neste espazo expositivo articulando no seu discurso manifestacións ligadas á inclusión, a igualdade de xénero, as preocupacións ambientais, as ambicións tecnolóxicas ou a procura de novos materiais e usos. Construindo, todos e cada un deles, un escenario e unha narrativa identitaria que indubidablemente crea memoria.

Concibida con intención itinerante, *FSWD / Identidade e territorio* mira ao futuro para viaxar por distintas cidades e países coa idea de compartir con distintos públicos esta radiografía, ambiciosa e modesta á vez, do panorama actual do deseño español e das súas mellores voces. Ese foi o reto do deseño expositivo, desenvolvido por Enorme Estudio e resultado dunha chamada a proxecto. Expuxeron unha exposición con posibilidade de replicarse nun formato responsive, adaptable a distintos tamaños, a unha cantidade de proxectos variable e a unha gran diversidade de espazos, que está baseada, fundamentalmente, nunhas pezas-peañas que foron producidas de xeito artesanal en Galicia, con madeira galega, no obradoiro de carpintaría de Víctor Domínguez Gaviño.

Comisariada e coordinada por Uqui Permui (DAG), Ángel Martínez (ADCV), Gloria Escribano (DIMAD) e Juan Lázaro (Cuenca Diseño), esta exposición constitúe un vigoroso exemplo dun traballo aberto, xeneroso e participativo. No seu desenvolvemento, contou coa colaboración de integrantes das once asociacións que compoñen READ, e coa necesaria implicación dos e das profesionais do deseño e as empresas produtoras participantes.



CLARA CARVAJAL. POR UNHA BIOLOXÍA DA IMAXE

COMISARIA: ZARA FERNÁNDEZ DE MOYA

22 OUTUBRO 2021 - 23 XANEIRO 2022

DOBRE ESPAZO

A exposición *Por unha bioloxía da imaxe* presenta dúas series sucesivas de Clara Carvajal: *Dioses de la frontera* e *Argucia*. Ambas as dúas inscribíense na súa primeira aproximación á bioloxía da imaxe, concepto plenamente innovador co cal a artista se interroga sobre a capacidade de transformación da imaxe que, sen deixar de ser fiel a si mesma, se actualiza en cada novo medio e, grazas a este percorrido, se engrandece e engrandécenos a mirada. Clara Carvajal indaga, mediante este concepto, na dimensión plástica e escultórica da imaxe fotográfica.

Dioses de la frontera abre camiño a unha viaxe expositiva e vital: Beirut, esas mil e unha cidades desde onde Clara Carvajal resignifica as imaxes da Arab Image Foundation, os arquivos do xornal *An-Nahar* e do fotógrafo Emile Boulos Divers. *Dioses de la frontera* trata de desentrañar as formas culturais que se mostraban nas poses dos personaxes das fotografías á busca dunha cosmovisión do pobo libanés. A artista ábrenos así outros camiños de lectura e as súas madeiras talladas de memoria revélanse polisémicas a partir do arquetipo social que representan.

A imaxe transita por catro materializacións distintas: a fotografía impresa, o texto escrito (a suxestiva palabra de Teo Millán, adherida á imaxe, funciona como relato referencial de enorme carga evocadora), a talla en madeira e a súa estampaxe. Cada unha ábrese a un

relato ou a multitude de relatos dunha sociedade pertencente a un país en plena construción identitaria despois da independencia do mandato francés.

Argucia supón un paso máis nesta pescuda ao incorporar a tridimensionalidade en sete caixas que funcionan como contornos abertos. Nestas pequenas esculturas, tributo ao *Museo portátil* de Duchamp, Clara Carvajal interrógase sobre aquilo que se desvela ao contemplarmos certas imaxes: Converxen dalgún modo? Son imaxes que apuntan a unha mesma orixe na que un sentido ideal de formas sociais é asistido por outras formas que se poderían chamar corruptas?

Con ambas as series, Clara Carvajal mergullouse nunha exploración orixinal na que a arte se converte no medio natural para se somerxer na procura das formas sociais, das formas políticas, nun xogo de espellos onde as imaxes rexorden en distintos medios para reafirmaren a súa existencia.

INFORME SOBRE EXPOSICIÓN VINCULADAS AOS FONDOS DO XACOBEO 2021/2022

A programación do último trimestre de 2021 concentra a maioría das actividades vinculadas co Camiño de Santiago e apoiadas con fondos do Xacobeo.

Para profundar sobre a idea de camiñar, sobre a experiencia do camiño e sobre a peregrinación como un feito estético desenvóléronse para o segundo semestre as seguintes exposicións:



CAMIÑOS I

COMISARIOS: SANTIAGO OLMO E ALBERTO CARTON

12 DE XUÑO - 26 DE SETEMBRO 2021

PRIMEIRA PLANTA

ARTISTAS PARTICIPANTES

RICHARD LONG, DAVID NASIAH ARMAJANI, GABRIEL DÍAZ, ROLAND FISCHER, HAMISH FULTON, CHRISTIAN GARCÍA BELLO, PER KIRKEBSH, MANOLO PAZ, RUBÉN RAMOS Balsa, HUMBERTO RIVAS, ULRICH RÜCKRIEM, BEAT STREULI, JESÚS MADRIÑÁN, ROMAN SIGNER, MONTSERRAT SOTO, GUIDO VAN DER WERVE, SOPHIE WHETTALL, PETER WÜTHRICH

Camiños é un proxecto que aborda o feito de camiñar,

andar, pasear e a vivencia do camiño, do vagar, do itinerario e da peregrinación como fenómenos e experiencias artísticas. A *performance*, como reflexo das contradicións da vida social, e a apertura conceptual cara á paisaxe, que en canto acción e mirada supón a *land art*, converten a partir dos anos setenta o feito de camiñar nun tema central da arte contemporánea. Camiñar é unha acción que pode encerrar propósitos, intencións e simbolismos moi diversos, desde a resistencia política á opresión e ás inxustizas (as marchas e manifestacións son, á fin e ao cabo, formas de camiñar), ata iniciativas verdes de mobilidade ou motivacións de orde persoal. Na polisemia reside a súa forza.

Este proxecto expositivo pretende, por unha banda, recoller e mostrar o legado que a Colección CGAC foi construindo sobre o tema da cidade, o Camiño de Santiago e a idea de camiñar e, por outra, seleccionar obras, artistas e proxectos especialmente significativos que centraron o seu foco na experiencia (emocional, ecolóxica, política ou paisaxística) do camiñar. Todos eles foron marcando nas últimas décadas a nosa sensibilidade cara ao camiñar e tamén cara aos seus significados. Con todo, a mostra carece de vontade enciclopédica ou

histórica; ao contrario, a súa intención é fomentar no visitante unha experiencia visual baseada na diversidade e a pluralidade.

A mostra divídese en dous capítulos inmediatamente sucesivos no tempo, que ocuparán o mesmo espazo dentro do museo e funcionarán como relatos complementarios. Trátase dunha mesma exposición que se presenta en dous tempos ou, dito doutro xeito, dúas exposicións nunha.

A exposición *Camiños I* incorpora documentación sobre obras e proxectos de artistas contemporáneos procedente do Centro de Arte y Naturaleza de Huesca (Fernando Alvira, Javier Campano, Andrés Ferrer, David Nash e Per Kirkeby) e a Illa das Esculturas de Pontevedra (Giovanni Anselmo, Fernando Casás, José Pedro Croft, Dan Graham, Ian Hamilton Finlay, Jenny Holzer, Leiro, Richard Long, Robert Morris, Anne & Patrick Poirier e Ulrich Rückriem).



PINGAS ROMPENTES. UNHA MIRADA A GALICIA. COLECCIÓN CGAC

COMISARIA: SARA DONOSO

1 DE OUTUBRO 2021 - 9 DE XANEIRO 2022

MUSEO DO MAR DE GALICIA

ARTISTAS PARTICIPANTES

CARLA ANDRADE, BERTA CÁCCAMO, EVA DÍEZ, CHRISTIAN GARCÍA BELLO, XURXO GÓMEZ CHAO, VÍTOR MEJUTO, ÁLVARO NEGRO, CARME NOGUEIRA, PAMEN PEREIRA, ANDRÉS PINAL

Pingas rompentes forma parte do proxecto *Unha mirada a Galicia*, que se asoma á creación galega

contemporánea a través da Colección CGAC. Nesta ocasión, propoñemos unha selección específica de obras para o contexto do Museo do Mar de Galicia. Un relato conxunto que visibiliza o interese pola auga, os seus tránsitos e derivacións, que en cada caso se asumen desde o político, o estético ou o social. Como esas pingas que irrompen nas rochas facendo resoar os seus ecos, asomámonos a un conxunto de pezas que asimilan desde un discurso propio a lóxica dos fluídos, que exploran os reflexos e a flutuante incidencia da luz, vencellan a súa memoria íntima ao latexar dun territorio ou revisan a historia para achegarnos a novas narrativas. Instándonos a investigar todo aquilo que subxace á atracción atlántica, esta mostra busca operar no imaxinario das artistas como unha esfera armilar a través da cal é posible localizar a nosa paisaxe máis plural.



CAMIÑOS II

COMISARIOS: SANTIAGO OLMO E ALBERTO CARTON

8 DE OUTUBRO 2021 - 23 DE XANEIRO 2022

PRIMEIRA PLANTA

ARTISTAS PARTICIPANTES

MARINA ABRAMOVIC Y ULAY, JORGE BARBI, ALBERTO CARNEIRO, FERNANDO CASÁS, CARMA CASULÁ, REGINA JOSÉ GALINDO, IRENE GRAU, IGNACIO PÉREZ-JOFRE, ANDRÉS PINAL, JAUME PINYA, JOSÉ LUIS SEARA, JAVIER VALLHONRAT

Camiños é un proxecto que aborda o feito de camiñar, andar, pasear e a vivencia do camiño, do vagar, do itinerario e da peregrinación como fenómenos e experiencias artísticas.

A *performance*, como reflexo das contradicións da vida social, e a apertura conceptual cara á paisaxe, que en canto acción e mirada supón a *land art*, converten a partir dos anos setenta o feito de camiñar nun tema central da arte contemporánea. Camiñar é unha acción que pode encerrar propósitos, intencións e simbolismos moi diversos, desde a resistencia política á opresión e ás inxustizas (as marchas e manifestacións son, á fin e ao cabo, formas de camiñar), ata iniciativas verdes de mobilidade ou motivacións de orde persoal. Na polisemia reside a súa forza.

Este proxecto expositivo pretende, por unha banda, recoller e mostrar o legado que a Colección CGAC foi construíndo sobre o tema da cidade, o Camiño de Santiago e a idea de camiñar e, por outra, seleccionar obras, artistas e proxectos especialmente significativos que centraron o seu foco na experiencia (emocional, ecolóxica, política ou paisaxística) do camiñar. Todos eles foron marcando nas últimas décadas a nosa sensibilidade cara ao camiñar e tamén cara aos seus significados. Con todo, a mostra carece de vontade enciclopédica ou histórica; ao contrario, a súa intención é fomentar no visitante unha experiencia visual baseada na diversidade e a pluralidade.

Con este fin *Camiños* pon en diálogo unha serie de artistas e proxectos que historicamente marcaron as formas de visualizar o camiñar e a evolución da idea de camiño.

A mostra divídese en dous capítulos inmediatamente sucesivos no tempo, que ocuparán o mesmo espazo dentro do museo e funcionarán como relatos complementarios. Trátase dunha mesma exposición que se presenta en dous tempos ou, dito doutro xeito, dúas exposicións nunha.



HAMISH FULTON. WALKING EAST

COMISARIO: PEP BENLLOCH


29 DE OUTUBRO 2021 - 20 DE FEBREIRO 2022.
PLANTA BAIXA E SOTO

Hamish Fulton (Londres, Reino Unido, 1946) é un artista cuxa obra é o resultado do encontro entre a arte e o camiñar. Formado na Saint Martin's School of Art de Londres, Fulton leva desde 1969 realizando camiñadas por distintas paraxes do planeta: percorreu a Península Ibérica de costa a costa en varias ocasións, visitou case toda Europa, Canadá, Estados Unidos, México e Australia, e camiñou polas montañas da India e do Nepal, entre outros moitos lugares. Nesta ocasión planeou un percorrido partindo desde Fisterra, en dirección a Santiago de Compostela, Pamplona e Roncesvalles ata Hendaia. Desde hai algúns anos o artista vai enlazando camiñadas do pasado por medio de novos proxectos, entendendo o seu traballo como unha unidade que se vai actualizando continuamente.

A obra de Fulton caracterízase pola combinación de imaxe e texto, xuntos na mesma obra ou de maneira independente, co obxectivo de transmitirle ao espectador as sensacións que despertaron nel os elementos atopados na súa camiñada. A súa obra fotográfica non se limita á simple reprodución documental dunha acción realizada con anterioridade, senón que é parte integral do proxecto, tanto na súa conceptualización, como na realización e o modo de exposición. Para Hamish Fulton cada unha das camiñadas comeza cunha idea que é transformada posteriormente nunha experiencia real.

A fotografía –o acto fotográfico, para maior exactitude– intégrase totalmente nesta arte tan singular da marcha, acompañao e fecúndao ata a exposición final das tomas, que non se limitan a mostrar a paisaxe explorada deste xeito, senón que intentan traducir unha modalidade do espírito e da sensibilidade do camiñante. Do mesmo xeito busca provocar no espectador unha mirada crítica cara ao contorno e os ecosistemas ameazados por un progreso meramente economicista, que non ten en conta a preservación da natureza e as culturas asociadas a ela.

Nesta exposición móstranse, xunto ás obras do proxecto realizado expresamente, unha selección de imaxes procedentes doutros proxectos desenvolvidos en España, unha serie de proxectos internacionais e por primeira vez todo o conxunto de obra seriada producido por Hamish Fulton ao longo da súa traxectoria artística.



NÉBOAS DE LUZ. UNHA MIRADA A GALICIA. COLECCIÓN CGAC

COMISARIA: SARA DONOSO

5 DE NOVEMBRO 2021 - 16 DE XANEIRO 2022

CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL, OURENSE

ARTISTAS PARTICIPANTES

PABLO BARREIRO, ANDREA COSTAS, TAMARA FEIJOO, AMAYA GONZÁLEZ REYES, MENCHU LAMAS, JUAN LÓPEZ, LORETO MARTÍNEZ TRONCOSO, ANA PÉREZ VENTURA, ISAAC PÉREZ VICENTE, CARLOS RODRÍGUEZ-MÉNDEZ, MAURO TRASTOY, CHRISTIAN VILLAMIDE.

Néboas de luz é a segunda exposición do proxecto *Unha mirada a Galicia*, que invita a percorrer a nosa historia da arte máis recente a través do traballo de artistas cuxas obras se foron incorporando á Colección CGAC nas dúas últimas décadas. Esta mirada, particular pero colectiva, logra entrelazar determinadas afinidades creativas sen por iso agochar as disonancias co fin de debuxar unha cartografía, repleta de dobras, desde a que asomarse aos modos de proceder, conceptualizar ou concretar a creación contemporánea galega.

Esta escolma de pezas mostra algúns dos enfoques narrativos, así como abordaxes plásticas, que foron construindo parte da memoria visual da Galicia máis recente. Permite así un pequeno achegamento a tantas voces e sensibilidades que impulsan cos seus relatos múltiples aproximacións críticas coas que compartir cuestións de natureza social, histórica, política, identitaria ou artística instaladas no momento presente.

Como ese grupo de estrelas que deixa un ronsel mesto, unha néboa luminiscente, nesta selección de artistas e obras tamén se producen colisións e rozamentos que, inscritos desde os máis diversos rexistros, interactúan entre si e compoñen un mapa de inclinacións temáticas, sensoriais e perceptivas. Dalgún xeito, este proxecto expositivo simboliza esa mesma complexidade e riqueza, e pódese trazar así unha analogía para falar de artistas que confirman a súa independencia pero tamén alumean xuntos, cruzando intereses e articulando un compromiso coa creación e a sociedade actuais.

ACTIVIDADES 2021

CURSOS



CURSO EN LIÑA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA ARTE NA AULA. PROPOSTAS DIÁCTICAS SOBRE ARTISTAS CONTEMPORÁNEAS

2 DE MARZO - 20 DE NOVIEMBRE 2021

Ciclo de cursos prácticos dirixidos pola profesora e historiadora da arte Gael Zamora Lacasta para docentes que presenta a arte contemporánea como ferramenta de aprendizaxe na aula.

A arte contemporánea entrou nas aulas como eixo de aprendizaxe, pero habitualmente faino da man de artistas como Picasso, Miró, Van Gogh ou Kandinsky. Figuras importantes, sen dúbida, pero tamén afastadas xa do noso tempo e que non reflicten algunhas cuestións transversais, presentes no ámbito educativo, como son a conexión co cotián, a paridade ou a sustentabilidade.

O curso fórmulase como unha oportunidade para pór en práctica propostas didácticas que nos permitan vivenciar, reflexionar e xerar dinámicas adaptadas aos diferentes contextos educativos.

CURSO DE HISTORIA DA ARQUITECTURA.

INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA III. EDICIÓN ONLINE

07 ABRIL - 9 DE XUÑO 2021

Neste terceiro curso sobre as intrahistorias da arquitectura abordamos novos temas e profundizamos noutros xa tratados en edicións anteriores. Partindo da arquitectura como eixe vertebrador para achegarnos transdisciplinarmente á arte, á cultura, á política, á historia, á artesanía, á economía, á estética e á educación. Prestando especial atención ao material, o vidro, a madeira, a cerámica ou o aceiro e os seus procesos de transformación e creación artesanal ou industrial foron protagonistas este ano. Tamén a linguaxe visual, tan presente nos nosos días, foi obxecto de análise e debate. Falamos da arquitectura anónima e do concepto de autor. Afondamos nos rañainfernos e elevámonos en xigantes de aceiro. Tratamos a luz, a cor, a transparencia, os esqueletos e as peles. Abordamos a sempre suxestiva pero en ocasións difícil integración das artes, a creatividade e o compromiso social dunha disciplina que estende a súa capacidade de influencia nas nosas vidas máis aló da peza construída.

CURSO DE CINE: EUTOPIÁS

29 SETEMBRO - 15 DECEMBRO 2021

DIRECCIÓN: JOSÉ MANUEL LÓPEZ

Adoita pensarse a utopía como unha quimera, como unha proxección irrealizable desde un presente escuro cara a algún futuro, mellor pero tamén inalcanzable. O termo foi acuñado por Tomás Moro en 1516 na súa obra homónima a partir –nunha das interpretacións posibles– dos termos gregos ou (que expresa negación)

e tópos (lugar): é dicir, nowhere, na súa primeira tradución inglesa, ou non hai tal lugar, como o trasladou ao castelán un século máis tarde Francisco de Quevedo.

Utopía é unha promesa, un bo lugar que non existe... aínda. Porque o desexo utópico, como toda imaxinación prospectiva, proxéctase cara á realización eutópica dese desexo: alguén que non está conforme coa súa realidade soña cun mundo mellor; mais sempre, como defendía Herbert Marcuse, coa intención de que a utopía se converta en topía, nunha realidade que, finalmente, teña lugar.

Ao longo das 10 sesións, José Manuel López director do curso, achegounos á utopía individual (persoal, pero transferible). Porque quizá a única utopía posible, como defende Lewis Mumford, sexa a nosa propia vida –aquí e agora– levada ata os límites das súas posibilidades ideais.



CURSO VESTINDO A ÉPOCA: A MODA, A OITVA ARTE-EDICIÓN EN LIÑA

13 XANEIRO - 17 MARZO 2021

DIRECCIÓN: BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS

Unha reflexión sobre as orixes da moda a finais do século XIX e comezos do século XX. A súa contextualización histórica, semiótica e social, e as súas relacións con outras disciplinas artísticas como a literatura e a arte.

O curso centrouse no período da belle époque. Unha etapa de grandes cambios no rol social e cultural da muller, feito que necesariamente repercutiría na súa indumentaria. Os facedores desa nova muller foron os grandes couturiers parisienses, que liberaron as mulleres de corpiños e outras ataduras para permitirles gozar dunha mobilidade ata entón recortada e limitada. Isto traerá consigo novas ansias de cambio social.

Analizamos a importancia de modistas e casas de moda como Charles Frederick Worth, Jeanne Paquin, Félix, Callot Soeurs ou Paul Poiret, impulsores de novas dinámicas no vestir que aínda hoxe en día son revisitadas e recuperadas. Revisamos, así mesmo, a presenza da moda en obras literarias de autores como Benito Galdós, Émile Zola ou Emilia Pardo Bazán. A interacción entre moda e arte a través de personalidades como Sorolla, Singer Sargent ou Madrazo, xunto cos primeiros mecanismos publicitarios da moda: revistas, fashion films, desfiles...

PROGRAMA DE ACTIVIDADES AO REDOR DA EXPOSICIÓN CULTIVAR INCERTEZAS.

REFORMULAR O ESPAZO / CONMOCIONAR A MIRADA

25 MARZO - 8 MAIO 2021

No marco do proxecto Cultivar incertezas. Reformular o espazo/Conmocionar a mirada, Natalia Poncela coordinou o espazo de documentación e análise Aula Aberta, un dispositivo expositivo para reflexionar acerca da metodoloxía e os procesos aplicados ao ensino superior das belas artes desde a súa implantación no sistema universitario galego. Arredor deste espazo diseñou un programa que incluíu un ciclo de mesas de debate coordinado polo profesor Miguel Anxo Fernández, e unha serie de seminarios, obradoiros, encontros e intervencións, nos que participaron artistas e profesores vinculados á Facultade de BBAA de Pontevedra. Os

resultados de todas estas actividades se verán reflexadas nunha publicación.

MESAS DE DEBATE

25 MARZO: TÉCNICAS E PROCESO

8 ABRIL: TEORÍA, PROXECTO E DISCURSO

9 ABRIL: CIRCUÍTOS E INSTITUCIÓN

13 ABRIL: NOV@S ARTISTAS E NOVAS INSTITUCIÓN

OBRADOIROS

MATERIAIS. TALLER DE CREACIÓN CON MATERIAL ATOPADO

DIRIXIDO POLO ARTISTA IGNACIO PÉREZ-JOFRE

16 -17 ABRIL

CORTA, PEGA E DEBUXA: INICIACIÓN AOS PROCESOS MANUAIS DE REPRODUCCIÓN EN RISO

DIRIXIDO POLOS ARTISTAS: NONO BANDERA E MARCOS COVELO

7 - 8 MAIO.

SEMINARIOS

EDUCAR A TRAVÉS DA ARTE. CARA UNHA ESCOLA IMAXINADA

10 ABRIL

DIRIXIDO POR VICENTE BLANCO, SALVADOR CIDRÁS

Dirixido principalmente a mestres e mestras de infantil e primaria, neste seminario abordouse o traballo ds ponentes como promotores do grupo Escola imaxinada, un colectivo independente e sen ánimo de lucro composto por profesionais do campo das artes, a arquitectura, a filosofía e a educación infantil e primaria e cuxos

obxectivos son: achegar ás escolas metodoloxías baseadas nas artes e contribuír ao deseño de espazos e recursos educativos de calidade para a aula.

PLURALIDADE, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN

14 ABRIL

DIRIXIDO POR SUSANA CENDÁN

Presentación dunha escolma de traballos de fin de grao titorizados pola profesora Susana Cendán reflicte a importancia dos procesos de investigación dentro da formación académica do ensino superior das Belas Artes.


CONVERSAS COS DECANOS DA FACULTADE DE BELAS ARTES DE PONTEVEDRA

Conversas entre os decanos da Facultade de BBAA que ocuparon o cargo ao longo das tres últimas décadas.

Debido ás restriccións sanitarias derivadas da COVID 19 estas Conversas realizáronse en liña pero serán transcritas e pasarán a integrar a publicación Aula Aberta xunto co resto das actividades.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA FAC. BBAA

Os grupos de Investigación DX5, DX7, MODO e ES2 presentaron uns textos que pasarán a integrar a publicación Aula Aberta xunto co resto das actividades.



DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2021 O FUTURO DOS MUSEOS: RECUPERAR E REIMAXINAR

MAIO 2021

O CGAC participou un ano máis na celebración do día internacional dos museos proposto polo ICOM que, baixo o lema **“O futuro dos museos: recuperar e reimaxinar”**, invita os museos, os seus profesionais e as comunidades xurdidas arredor deles a crear, imaxinar e compartir.

En 2021 programamos actividades para diverson públicos vinculaos á música, ás artes audiovisuais, á arquitectura e ás exposicións.

OBRADOIRO EN LIÑA DE ESCOITA PROFUNDA

18 - 19 MAIO

DIRIXIDO POR JANE RIGLER

Unha proposta da exploración creativa e comunal a través de actividades sonora e experiencias multisensoriales. Unha práctica que promove a escoita atenta de todos os sons dentro do continuo espazo-tempo.

Jane Rigler é frautista, compositora, improvisadora e practicante certificada de Deep Listening © (escoita profunda). As sesións de traballo recollen e difunden as metodoloxías de Deep Listening © (escoita profunda) ideadas pla artista Pauline Oliveros (Houston, Texas, 1932 - Kingston, Nova York, 2016), á que o CGAC dedicoulle unha exposición retrospectiva do 25 de febreiro ao 13 de xuño de 2021.

CICLO DE PROXECCIONS SOBRE PAULINE

OLIVEROS

21 - 22 MAIO DE 2021

Este ciclo de cinco gravacións e películas reúne unha serie de colaboracións coa escritora IONE, ademais da mezzosoprano e artista Loré Lixenberg e o compositor experimental Frédéric Acquaviva.

Programa:

Njinga the Queen King. The Return of a Warrior

Io and Her and the Trouble with

Dreams of the Jungfrau

PAULI(O)NE

Singterview with Pauline Oliveros and IONE

RUTA O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ

22 MAIO 2021

DIRIXIDA POLA ARQUITECTA CARMEN REY

Unha ruta arquitectónica pola cidade partindo do CGAC, a primeira obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela, ata a facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela parandos noutros fitos da arquitectura contemporánea Compostelá, como o conxunto de Xoa XXIII, a residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; a quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con obras de César Portela, Arta Isozaki e Antón García Abril; e o Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso.

MÚSICA



(IN)VISIBLES E SONORAS. XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2021

1 - 29 XUÑO 2022

(In)visibles e sonoras é o título da nova edición das Xornadas de Música Contemporánea, que se celebraron do 1 ao 29 de xuño en el Auditorio de Galicia, Teatro Principal, CGAC e Praza das Praterías.

As xornadas foron organizadas polo Concello de Santiago (Compostela Cultura), o CGAC, a USC, a Deputación da Coruña e o Consorcio da cidade. Un total de tres coloquios e nove concertos cunha programación case completa de obras compostas por mulleres; todas as actividades son de balde, previa retirada de invitación.

No Auditorio do CGAC houbo o 16 de xuño o Catro continentes de Elisa Vázquez Doval.

VISITAS ÁS EXPOSICIÓNS

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS DURANTE A FIN DE SEMANA

Todos os domingos o público pode achegarse ao CGAC para gozar das mostras expositivas acompañado por mediadoras especializadas en arte. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

Para participar nesta actividade non é preciso solicitar cita previa. As visitas parten da recepción do CGAC ás 12:00 h. Poden participar desde unha persoa até un máximo de 25 persoas. O grupo fórmase por orde de chegada. As visitas teñen unha duración aproximada de 50 minutos. A actividade é de balde.

VISITAS GUIADAS Á ARQUITECTURA E Á HISTORIA DO CGAC

O programa de visitas guiadas arredor da arquitectura e a historia do CGAC ten lugar o primeiro sábado de cada mes.

Durante o transcurso destas visitas fálanse do deseño de Álvaro Siza Vieira e da súa estreita relación formal e

conceptual co parque de Bonaval e coa cidade que o acolle. Percorremos desde o pórtico exterior ata a cuberta do edificio na que está instalada de xeito permanente a obra Triangular Pavilion do artista Dan Graham.



VISITAS GUIADAS CON CITA PREVIA ÁS EXPOSICIÓNS

O CGAC ofrece visitas guiadas gratuítas ás súas exposicións temporais de martes a venres para todos os colectivos ou persoas que o desexen. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

No caso dos grupos escolares dos ciclos de educación infantil e de primaria, o persoal do Departamento de Actividades e Educación diseña, ademais, talleres didácticos específicos para complementar a visita as mostras artísticas.

SESIÓNS DIDÁCTICAS EN LIÑA

Nestas sesións didácticas realizamos unha presentación con imaxes de diferentes obras de arte contemporáneas deténdonos na diversidade de soportes, materias,

discursos, miradas e posibilidades expresivas e experimentais da arte actual. Combinamos a mostra de imaxes con dinámicas creativas dirixidas ao alumnado.

O obxectivo desta actividade é achegar a arte aos centros educativos e estimular o interese das novas xeracións na creación artística do seu tempo.

TALLERES



TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA. MIES É + (2020/2021)

24 OUTUBRO 2020 - 30 MAIO 2021

Os talleres, que teñen lugar a última fin de semana de cada mes, desenvólvense baixo a dirección do arquitecto e educador Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves necesarias para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos.

Nesta edición profundaremos novamente no pensamento dos grandes pioneiros co habitual acento nas nosas pioneiras: Scott Brown, Margaret Macdonald, a parella formada por Christo e Jeanne-Claude, Yona Friedman, Stanley King e Susan Chung rematando o mes de maio cun taller familiar centrado na obra de Palle Nielsen.

TALLERES DE LECER 2021

6 XULLO - 16 XULLO 2021

Este verán retomamos os talleres didácticos dirixidos a nenos e nenas entre os 6 e os 11 anos conducidos polas artistas e docentes Begoña Paz e Iciar Ezquieta.

O obxectivo deste programa é achegar o público infantil á arte contemporánea desde o lecer. Os participantes poden adquirir ferramentas ou estratexias para a creación e reflexionar sobre o mundo que os rodea e experimentalo a través a arte.

Traballamos a partir das obras das exposicións *Camiños I* e *Carles Fontserè* e *Camilo José Cela. Nueva York amarga* nos diferentes espazos da arquitectura de Álvaro Siza Vieira e da súa contorna, como a cuberta do edificio e os xardíns do parque de Bonaval.

TALLER DE ARTISTA



ENTRE A PAISAXE E O TERRITORIO. TALLER CO ARTISTA CHRISITIAN VILLAMIDE

26 - 27 NOVEMBRO 2021

Christian Villamide reflexionou no seu traballo sobre a construción da paisaxe, a idea de territorio e a especulación ou mercantilización dos espazos naturais.

CONGRESOS



VI CONGRESO DE ARTE DE ACCIÓN. FUGAS E INTERFERENCIAS

30 SETEMBRO 2021 - 2 OUTUBRO 2021

O congreso foi organizado pola Universidade de Vigo e contou coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

O obxectivo fundamental do congreso centrase na análise e reflexión sobre os novos comportamentos da arte de acción, tanto desde a práctica como desde a reflexión teórica.

SEMINARIOS



SEMINARIO CAMILO JOSÉ CELA: A PALABRA E A IMAXE

4 XUÑO 2021 - 5 XUÑO 2021

O seminario achégase tamén á lectura que dalgunha das obras mestras de Camilo José Cela fixo o cinema, á súa participación na historia do cinema español, a algunha noticia oportuna sobre *El hombre y el mar* e a esa fonte inesgotable de palabras e imaxes que é a revista *Papeles de Son Armadans*, creada por Cela en abril de 1956.



COLABORACIÓN CO FESTIVAL PLATAFORMA. FESTIVAL DE ARTES PERFORMATIVAS 2021

26 MAIO 2021 - 05 XUÑO 2021

Neste ano 2021 o CGAC colaborou de novo na produccion da segunda edición do festival de artes performativas Plataforma que tivo lugar entre o 26 de maio e o 5 de xuño.

Plataforma é un proxecto que quere tender pontes entre as artes visuais e as artes vivas, as artes escénicas, a literatura, a arquitectura e o deseño, invitando a reflexionar sobre o espazo público e integrando servizos e institucións da cidade para actuar como motor para o desenvolvemento e a cohesión social.



ACTIVACIÓN DA PEZA PORTO (PORTEÑOS), 2010, NO MUSEO DO MAR DE GALICIA

28 NOVEMBRO 2021

ACTIVIDADE DIRIXIDA POLA ARTISTA CARME NOGUEIRA

Como complemento á exposición *Pingas rompentes*, a artista Carme Nogueira realizará unha actividade que

abrangue reflexións arredor do crecemento da cidade, os seus fluxos, a influencia do mar e a súas dinámicas. Partindo da peza *Porto (Porteños)*, que presenta na mostra un relato cruzado entre Chile e Galicia a través da influencia do mar, terá lugar un encontro co público nos exteriores do Museo do Mar de Galicia para reflexionar sobre o influxo do porto na construción da cidade. Para realizar o dito encontro, contarase coa presenza de Pablo Mariño, Iria Sobrino, Xoán Carmona e Mariña López, representantes de diferentes sectores en relación ao patrimonio, a industria, o turismo e o traballo vinculados ao mar.

PRESENTACIÓNS DE LIBROS

ANTÓN PATIÑO. CAOSMOS. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

PRESENTACIÓN DO LIBRO *A MIRADA ATLÁNTICA*
(EDITORIAL ELVIRA, 2020)

14 XANEIRO 2021

MESA REDONDA SOBRE ROMPENTE. GRUPO DE COMUNICACIÓN POÉTICA, (1975-1983)
PARTICIPARON: ANTÓN PATIÑO, ANTÓN REIXA,
ALBERTO AVENDAÑO, MANUEL M. ROMÓN E
SANTIAGO OLMO

PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN MUSEO (DO ERMITÁN) MAN

15 DE ABRIL

Andrea Serodio, responsable do museo Man de Camelle e comisaria da mostra e Carmen Hermo comisaria da mostra e docente da Universidade de Vigo, acompañadas do director do CGAC, Santiago Olmo, presentarán ao público a publicación do catálogo da exposición *Museo (do ermitán) Man*



PRESENTACIÓN AO PÚBLICO DO PREMIO

CGAC_ENSAIO

28 ABRIL 2021

En decembro de 2020 saíu do prelo *A arte está feita dunha materia incerta e fragmentaria*, o primeiro libro da serie CGAC_Ensaio, unha colección que nace vinculada á convocatoria anual dun premio de investigación e ensaio sobre arte contemporánea impulsado polo museo desde 2018. O autor deste primeiro título é Rosendo Cid (Ourense, 1974), que nos regalou unha divertida reflexión acerca da práctica artística contemporánea, un texto de gran calidade literaria escrito cun enfoque moi persoal e marcado por dúas estratexias omnipresentes na obra plástica do artista ourensán, o humor e a ironía



PRESENTACIÓN DO LIBRO PUBLICACIÓN, DE DAVID LAMELAS

29 ABRIL 2021

No marco da exposición *David Lamelas. Lonxe América*, que se inauguró no mes de xullo, o CGAC presentou a reedición dun traballo histórico do artista arxentino de orixe galega David Lamelas, o seu libro *Publication* é

unha obra clave da arte conceptual, representativa da introducción da linguaxe oral e escrita no contexto das arts visuais e exemplo dos “libros de artista” creadas naquela época, que xogaron un papel fundamentat na denominada “desmaterialización” da obra de arte.

CHARLAS DE PRESENTACIÓN AO PÚBLICO DÁS DIVERSAS MOSTRAS

PRESENTACIÓN DA MOSTRA DE PILAR ALBARRACÍN

26 MARZO 2021

Coa participación da artista, a comisaria Mónica Maneiro, e o director do CGAC, Santiago Olmo



PRESENTACIÓN DA MOSTRA DE DAVID LAMELAS

23 XULLO

Coa participación da artista, o comisario Pedro de Llano, e o director do CGAC, Santiago Olmo

COMPRAS COLECCIÓN CGAC 2021

TOTAL COMPRAS = 197.183,65€



ÁNGELA DE LA CRUZ

LOOSE FIT, 2000-2018

ACRÍLICO SOBRE LENZO

90 x 85 x 30 CM

COL2021-0001

OFERTA DE COMPRA: 40.438,00 € (IVE incluido)

OFERTANTE: LISSON GALLERY, LONDON



CHRISTIAN VILLAMIDE

PARTERRES II, 2019

ESTRUTURAS DE FERRO E ÁRBORES DE PLÁSTICO

70 x 32 x 80 CM

COL2021-0002

OFERTA DE COMPRA: 5.500,00 € (IVE incluido)

OFERTANTE: O ARTISTA



PARTERRES IV, 2019

ESTRUTURA DE FERRO E ÁRBORES DE PLÁSTICO

50 x 25,5 x 25,5 CM

COL2021-00

OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTES: O ARTISTA



CAROLE ALFARAH

REBUILDING. LIFE. LOVE. MEMORIES, S. D.

VÍDEO A COR, SON. SUBTÍTULOS EN INGLÉS. VÍDEOS QUE CONTAN A HISTORIA DE LILAS, AFRA'A AND HOSSAM E JIHAD.

ED. 1/2

3 ELEMENTOS DE 00:10:08 (LILAS), 00:10:41 (AFRA'A AND HOSSAM) E 00:08:12 (JIHAD)

COL2021-0004

OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: A ARTISTA



KIKO PÉREZ

SEGUNDA PARTE, 2018

PINTURA AO ACEITE E COLAXE SOBRE PAPEL

81 x 71 CM

COL2021-0005

OFERTA DE COMPRA: 5.500,00 € (IVE INCLUÍDO)

OFERTANTE: GALERÍA HEINRICH EHRHARD



JESÚS MADRIÑÁN

SEN TÍTULO (ESTALOTES). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

155 x 192 x 4 CM

COL2021-0007

OFERTA DE COMPRA: 5.500,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: O ARTISTA



JESÚS MADRIÑÁN

SEN TÍTULO (BARS). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

155 x 123 x 4 CM

COL2021-0006

OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 € (IVE INCLUÍDO)

OFERTANTE: O ARTISTA



JESÚS MADRIÑÁN

SERIE BOAS NOITES. SEN TÍTULO (IVÁN EN MUIMENTA), SEN TÍTULO (A MECA DAS FLORES), SEN TÍTULO (ROCÍO EN VILALBA), 2017

FOTOGRAFÍA. GRAN FORMATO ANALÓXICO. TINTAS PIGMENTADAS


EDICIÓN LIMITADA DE 5

2 ELEMENTOS DE 110 x 88 CM C/U E 1 ELEMENTO DE 108 x 135 CM

COL2021-0008

OFERTA DE COMPRA: 9.680,00 € (IVE INCLUÍDO)

OFERTANTE: GALERÍA TRINTA



LA RIBOT

OTRA NARCISA, 1997-2003

IMPRESIÓN DIXITAL DE 337 FOTOGRAFÍAS POLAROID.

IMPRESIÓN DE 2019

337 ELEMENTOS

209 x 162 CM

COL2021-0009

OFERTA DE COMPRA: 15.941,75 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA MAX ESTRELLA



JOSÉ LUIS SEARA

OS CAMIÑOS QUE NON COÑECEMOS, 2016


TÉCNICA MIXTA SOBRE TEA

90 x 340 CM

COL2021-0010

OFERTA DE COMPRA: 8.800,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: O ARTISTA



XURXO GÓMEZ-CHAO

MIL BRAZOS DE AÑIL PROFUNDO I-II, 2020

DÍPTICO. FOTOGRAFÍA

2 ELEMENTOS DE 150 x 92 CM C/U

COL2021-0011

OFERTA DE COMPRA: 6.776,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA MORETART



FRANCESC TORRES

REPRESENTACIÓN DE UN TRIÁNGULO ISÓSCELES DE

300 METROS DE BASE Y 150 MILLONES DE

KILÓMETROS DE LADO (SOL, REFLEJO Y

ESPECTADOR FUERA DE IMAGEN) I, 1973

FOTOGRAFÍA B/N SOBRE XELATINA DE PRATA

40 x 40 CM

COL2021-0012

OFERTA DE COMPRA: 18.147,58 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ELBA BENÍTEZ



FRANCESC TORRES

REPRESENTACIÓN DE UN TRIÁNGULO ISÓSCELES DE 300 METROS DE BASE Y 150 MILLONES DE KILÓMETROS DE LADO (SOL, REFLEJO Y ESPECTADOR FUERA DE IMAGEN) II, 1973

FOTOGRAFÍA B/N SOBRE XELATINA DE PRATA

40 x 40 CM C/U

COL2021-0013

OFERTA DE COMPRA: 18.147,58 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ELBA BENÍTEZ



MARÍA MARÍA ACHA-KUTSCHER

WOMANKIND. COLOSSUS, 2015

FOTO COLLAGE IMPRESIÓN DIGITAL SOBRE PAPEL HANHEMÜHLE. PHOTO RAG BARYTA DE 315 GR

KAPAFIX 10 MM

EDICIÓN DE 3

58 x 41,5 CM

COL2021-0015

OFERTA DE COMPRA: 2.299,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ADN



MARÍA MARÍA ACHA-KUTSCHER

WOMANKIND. MONUMENT, 2020

FOTO COLLAGE IMPRESIÓN DIGITAL SOBRE PAPEL HANHEMÜHLE. PHOTO RAG BARYTA DE 315 GR

KAPAFIX 10 MM


EDICIÓN DE 3

2 ELEMENTOS DE 22 x 18 CM C/U

COL2021-0014

OFERTA DE COMPRA: 1.452,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ADN



MARINELLA SENATORE

PROTEST FORMS 1, 2019

ESTANDARTE DE VELUDO BORDADO

EDICIÓN ÚNICA

100 x 70 CM

COL2021-0016

OFERTA DE COMPRA: 8.540,58 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ADN



MARINELLA SENATORE

PROTEST FORMS 4, 2019

ESTANDARTE DE VELUDO BORDADO

EDICIÓN ÚNICA

150 x 90 CM

COL2021-0017

OFERTA DE COMPRA: 8.540,58 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ADN



MANAL ALDOWAYAN

JUST PAPER (GROUP V), 2019

SERIGRAFÍA SOBRE PORCELANA E FÍO DE IUTE

5 ELEMENTOS DE MEDIDAS VARIABLES

COL2021-0019

OFERTA DE COMPRA: 5.445,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE GALERÍA SABRINA AMRANI



MARINELLA SENATORE

PROTEST FORMS 5, 2019

ESTANDARTE DE VELUDO BORDADO

EDICIÓN ÚNICA

150 x 90 CM

COL2021-0018

OFERTA DE COMPRA: 8.540,58 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA ADN



MANAL ALDOWAYAN

JUST PAPER (GROUP IV), 2019

SERIGRAFÍA SOBRE PORCELANA E FÍO DE IUTE

5 ELEMENTOS DE 50 x 30 x 26 CM

COL2021-0020

OFERTA DE COMPRA: 5.445,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE GALERÍA SABRINA AMRANI



JULIA HUETE

FREGENE, 2019

BORDADO SOBRE ALGODÓN

160 x 245 CM

COL2021-0021

OFERTA DE COMPRA: 7.260,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: GALERÍA NORDÉS



MONTSERRAT SOTO

SIN TÍTULO. PICO SACRO, 2004

FOTOGRAFÍA A COR

EDICIÓN DE 25

70 x 150 CM

COL2021-0022

OFERTA DE COMPRA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO
CGAC

TENDA-LIBRERÍA DO CGAC: 2.030,00 € (IVE INCLUIDO)

DOAZÓNS COLECCIÓN CGAC 2021

(TOTAL = 375.810,00 €)



CHRISTIAN VILLAMIDE

PARTERRES III, 2019

ESTRUTURAS DE FERRO E ÁRBORES DE PLÁSTICO

82 x 32 x 73 CM

COL2021-0023

OFERTA DE DOAZÓN: 5.500,00 €



JESÚS MADRIÑÁN

DEBUXOS, SÚPLICAS E TRIBUTOS (VIRXE). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

42 x 34,5 x 4 CM

COL2021-0025

OFERTA DE DOAZÓN: 605,00 €



CHRISTIAN VILLAMIDE

PARTERRES VI, 2019

ESTRUTURAS DE FERRO E ÁRBORES DE PLÁSTICO

50 x 25,5 x 25,5 CM

COL2021-0024

OFERTA DE DOAZÓN: 4.400,00 €



JESÚS MADRIÑÁN

DEBUXOS, SÚPLICAS E TRIBUTOS (FEAR OF LOVE). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRAN FORMATO

34,5 x 42 x 4 CM

COL2021-0026

OFERTA DE DOAZÓN: 605,00 €




FRANCESC TORRES

SOFÍA Y EL ABISMO, 2019

INSTALACIÓN. FOTOGRAFÍA DIXITAL A COR SOBRE PAPEL MONTADO SOBRE ALUMINIO E LIBROS
20 ELEMENTOS DE 67 x 100 CM C/U (FOTOGRAFÍAS)
E 1 ELEMENTO DE 12,5 x 20 CM APROX. C/U (LIBROS)
COL2021-0027

OFERTA DE DOAZÓN: 45.000,00 €



FRANCESC TORRES

ART DEGREE ZERO, 2019

FOTOGRAFÍAS DIXITAIS EN B/N IMPRESAS EN PAPEL E MONTADAS SOBRE DIBOND CON BASTIDOR DE ALUMINIO E FOTOCOPIAS

26 ELEMENTOS DE 26 x 18 CM C/U (FOTOGRAFÍAS) E 853 ELEMENTOS DE 9 x 12 CM C/U

COL2021-0029

OFERTA DE DOAZÓN: 40.000,00 €




FRANCESC TORRES

TIPO I (EN LA ESCALA DE KARDASHOV), 2019

FOTOGRAFÍA DIXITAL A COR SOBRE PAPEL
24 ELEMENTOS DE 75 x 100 CM C/U
COL2021-0028

OFERTA DE DOAZÓN: 45.000,00 €



FRANCESC TORRES

DESDE EL ACANTILADO, 2019

PROYECCIÓN PANORÁMICA 6:4 E TEXTO EN VINILO.
ARQUIVO DIXITAL

FORMATO.MP4 (395 MB)

5 MIN 10 S

COL2021-0030

OFERTA DE DOAZÓN: 40.000,00 €



FRANCESC TORRES

CULTURA , 2019

FOTOGRAFÍA DIXITAL A COR SOBRE PAPEL

MONTADAS SOBRE DIBOND

CON BASTIDOR DE ALUMINIO

7 ELEMENTOS DE 83 X 125 CM C/U

COL2021-0031

OFERTA DE DOAZÓN: 30.000,00 €



SANTIAGO YDÁÑEZ

SEN TÍTULO, 2016

ACRÍLICO SOBRE LIÑO

200 x 300 CM

COL2021-0033

OFERTA DE DOAZÓN: 25.000,00 €



FRANCESC TORRES

LA HISTORIA DEL SIGLO XX EN COLORES , 1986-2019

FOTOGRAFÍA DIXITAL A COR SOBRE PAPEL

HAHNEMÜHLE

8 ELEMENTOS DE 67 x 100 CM C/U

COL2021-0032

OFERTA DE DOAZÓN: 40.000,00 €



LUCIANA LAMOTHE

PRISMA, 2017

ESCUPTURA. CANOS DE FERRO GALVANIZADO E NÓS DE ESTADA

240 X 170 X 110 CM

COL2021-0034

OFERTA DE DOAZÓN: 16.500,00 €



PATRICK HAMILTON

MONUMENTO (LA MANO INVISIBLE), 2017

REIXA METÁLICA LACADA, LUVAS DE TRABALLO

TINGUIDAS DE NEGRO

5 ELEMENTOS DE 200 x 100 x 15 CM C/U

COL2021-0035

OFERTA DE DOAZÓN: 26.000,00 €



ANGELA DE LA CRUZ

ASHAMED, 1995

OIL ON CANVAS

32 x 24,5 x 5 CM

COL2021-0036

OFERTA DE DOAZÓN: 55.000,00 €

AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL
DOS ESPAZOS DO CGAC EN 2021

12 DE ABRIL

Gravación musical de audio e vídeo por parte do Dúo Tau (violín e guitarra).

Auditorio.

Participantes: 4

14 DE ABRIL

Gravacións de entrevistas para o programa Zig Zag da TVG.

Cafetería e biblioteca.

Participantes: 6

22 DE ABRIL

Firma dun convenio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Biblioteca.

Participantes: 6

4 DE MAIO

Conferencia sobre Marketing para artistas na era dixital. Organiza EASD Mestre Mateo.

Auditorio.

Asistentes: 60

18 DE MAIO

Presentación da programación da Semana dos Museos por parte do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Sala da planta baixa.

Asistentes: 20

18 DE XUÑO

Reunión do xurado da XXII edición del Premio Elías Valiña.

Sala de xuntas.

Asistentes: 12

23 E 24 DE XUÑO

Maratón de concertos para piano para xóvenes músicos organizado pola Asociación Peregrinos Musicales.

Auditorio.

Asistentes: 65

26 DE XUÑO

Acto de Celebración do Orgullo organizado polo Concello de Santiago de Compostela. Proxección dun documental e coloquio.

Auditorio.

Asistentes: 60

1 E 2 DE XULLO

Seminario Europeo sobre a PAC: Como a PAC pode axudar ás producións labregas.

Auditorio.

Asistentes: 50

7 DE XULLO

Acto da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Programa Primavera Xove: mesa redonda e concerto.

Terraza da cafetería.

Participantes: 20

8, 9 E 10 DE XULLO

Programa de concertos da V edición do Curso internacional de música Airas Nunes Aula de Cámara. Auditorio.

Asistentes: 60

20 DE SETEMBRO

Grabación de entrevistas a empresarios que colaboran co programa Re-acciona do IGAPE.

Salas do CGAC.

Participantes: 15

24 DE SETEMBRO

Retransmisión do programa Hoy por hoy da cadea SER.

Cafetería.

Participantes: 10

26 DE SETEMBRO

Retransmisión do programa A vivir Galicia da cadea SER.

Cafetería

Participantes: 10

28 DE SETEMBRO

Presentación da IX Convocatoria do Premio Galica de Fotografía Contemporánea.

Biblioteca.

Asistentes: 10

21 DE OUTUBRO

Presentación da publicación "Recortes", homenaxe ao arquitecto Fernando Blanco Guerra.

Auditorio.

Asistentes: 135

26 DE OUTUBRO

Presentación do libro Compostela no cinema. Apuntamentos da cidade no século XXI.

Auditorio.

Asistentes: 100

5 DE NOVENBRO

Encontro do Observatorio Nacional de Artesanía.

Sala de xuntas.

Asistentes: 25

12 DE NOVENBRO

Presentación do catálogo Percorrer o tempo. Acto da Secretaría Xeral de Cultura.

Biblioteca.

Asistentes: 10

15 DE NOVENBRO

Reunión de traballo da Fundación Paideia.

Sala de xuntas.

Participantes: 4

17 DE NOVENBRO

Acto de inauguración do XVII Encontro Institucional Fundación Secretariado Gitano.

Auditorio.

Asistentes: 150

Reunión do Presidente da Xunta cos representantes da Fundación Secretariado Gitano.

Biblioteca.

Participantes: 6

19 DE NOVENBRO

Acto de peche do XVII Encontro Institucional Fundación Secretariado Gitano.

Auditorio.

Asistentes: 150

Grabacións de entrevistas aos nominados aos Premios José Selier que organiza a Academia Galega do Audiovisual.

Biblioteca.

Participantes: 8

22 DE NOVIEMBRE

Reunión de traballo da Fundación Paideia.

Sala de xuntas.

Participantes: 4

Gravacións de entrevistas aos nominados aos Premios José Selier que organiza a Academia Galega do Audiovisual.

Biblioteca.

Participantes: 8

13 DE DICIEMBRE

Entrega dos premios Santiago(é)Tapas.

Auditorio e cafetería.

Asistentes: 160

14 DE DICIEMBRE

Acto de entrega do Premio Josefa Wonenburger que destaca a labor das mulleres nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

Auditorio.

Asistentes: 150

18 DE DICIEMBRE

Acto de entrega dos premios Xuventude Crea'21 da Dirección Xeral de Xuventude.

Auditorio.

Asistentes: 150

DO 2 DE DICIEMBRE DE 2021 ATA O 10 DE XANEIRO DE 2022

Proxección de luz na fachada de San Domingos de Bonaval dende a terraza do CGAC.

DO 26 DE OUTUBRO DE 2021 AO 28 DE XUÑO DE 2022 (ÚLTIMO MARTES DE CADA MES)

Sesións do curso de fotografía Fotoforum. Sala de xuntas. Asistentes: 25

INFORME DA PRESENZA DO CGAC EN INTERNET E REDES SOCIAIS

O obxecto deste informe é dar conta da evolución das redes sociais dende xaneiro do 2021 ata o 6 de decembro de 2021.

FACEBOOK

O número de persoas seguidoras da páxina do CGAC en Facebook pasou dos 18.431 de xaneiro ás 20.259 a comezos de decembro, cun avance do 10%. Pola súa banda, o número de fans (outra das métricas que miden o tamaño da comunidade, pero que non precisamente teñen por que seguir os contidos) pasaron dos 16.970 de xaneiro a 18.490 a principios de decembro, supoñendo un incremento do 9%. O dato de alcance total sería de 662.935 persoas alcanzadas, o que representa unha media de 1.950 diarias e un incremento interanual do 126%. As visualizacións das publicacións superaron as 796.000.

TWITTER

En Twitter realizáronse 1.933 chíos, o que supón case 6 ao día. En canto ao alcance, chegou ás 842.100 impresións, o que supón 580.760 persoas. O número de seguidores é de 4.864, cun aumento do 5,7%.

INSTAGRAM

En Instagram pasouse dos 4.800 seguidores de xaneiro aos 6.840 de principios de decembro, cun incremento do 42,5%. O alcance foi de 462.714 persoas, que viron as publicacións un total de 509.890 veces, acumulando máis de 35.100 interaccións. Ademais dos posts, a páxina do museo nesta plataforma obtivo máis de 1.600 visitas ao día. En canto ás historias, que é un dos contidos máis utilizados actualmente nesta plataforma, realizáronse unhas 1.043

historias, que acadaron un total de 275.180 visualizacións, o cal é un dato moi relevante considerando que este contido só se pode ver durante 24 horas.

YOUTUBE

No que vai de ano, a canle de Youtube conseguiu este ano 69 novos suscriptores, situándose na actualidade en 224, o que representa unha subida do 44,5%. Houbo 5.815 reproducións durante un total de 611 horas e as miniaturas dos vídeos obtiveron unhas 44.822 impresións (o dobre que en 2020). Desde xaneiro subíronse un total de 15 vídeos.

PÁXINA WEB

O sitio web do CGAC superou, no período que vai do 1 de xaneiro ao 6 de decembro de 2021, as 25.600 sesións 2021, realizadas por máis de 17.300 persoas usuarias. Neste intervalo de tempo, as páxinas vistas do sitio web do museo superaron as 67.700. As páxinas máis vistas foron a de inicio, as relacionadas con exposicións e actividades. Síguelles as de cursos, información, colección, biblioteca e publicacións.

Facebook foi a plataforma social que máis cantidade de tráfico achegou á web, seguida de Twitter e Instagram. Respecto da estratexia de enlaces nas redes do CGAC, na medida do posible rexistráronse a través do acurtador Bitly, distribuindo os enlaces personalizados nas distintas redes.


CONCLUSIÓNS

A comunidade social do CGAC continuou aumentando en 2021. En total, alcanza as 32.187 persoas nas súas distintas plataformas, superando por primeira vez a barreira das 30.000 persoas seguidoras e, en Facebook, a das 20.000. O incremento global da comunidade é do 15%. Instagram é a que medra con maior rapidez, debido en gran medida ao maior dinamismo actual desta redes e tamén á súa comunidade máis activa.

Todas as redes amosan unha evolución crecente no tamaño da súa comunidade, se ben a estratexia neste ano dirixiuse a incrementar en maior medida o alcance das publicacións, co obxectivo de dar maior visibilidade e chegar a novos públicos, pois o aumento do número de seguidores non ten por que estar acompañado de máis audiencia dos contidos. De feito, o alcance en 2021 é moi superior ao de 2020, pasando de 1,2 millóns de impresións (incluíndo as sesións da web) a 2,2 millóns no que vai de 2021, case o dobre.

INFORME SOBRE O NÚMERO DE VISITANTES E USUARIOS NO 2021

XANEIRO	2.056
FEBREIRO	1.662
MARZO	3.446
ABRIL	3.375
MAIO	3.024
XUÑO	3.606
XULLO	3.605
AGOSTO	4.023
SETEMBRO	3.065
OUTUBRO	4.504
NOVEMBRO	3.350
TOTAL	35.716



EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DOS FONDOS XACOBEO 2021

Sección: 20

Programa: 432B

Código de proxecto: 2020 00111

ORZAMENTO 2021 CGAC	
CRÉDITO INICIAL	340.000,00 €
AUTORIZACIÓN DE GASTOS	
1. Itinerancia da exposición de Jesús Madriñán. I Am Light ao CDAN	5.631,89 €
2. Camiños I	45.500,00 €
3. Camiños II	59.870,00 €
4. Hamish Fulton. Walking East	138.775,94 €
5. Itinerancia da exposición Pingas rompentes ao Museo do Mar de Vigo	34.750,00 €
6. Itinerancia da exposición Néboas de luz ao Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense	50.000,00 €
TOTAL	334.527,83 €

1. Itinerancia da exposición do artista Jesús Madriñán ao Centro de Arte e Natureza (CDAN) de Huesca (17.06.2021 – 26.09.2021)

2. Camiños I (12.06.2021 - 26.09.2021), trátase da primeira mostra que recolle o legado da colección CGAC sobre a cidade e o Camiño así como sobre a idea de camiñar.

3. Camiños II (8.10.2021 - 23.01.2022), segunda mostra da colección CGAC coa temática do Camiño como fío condutor.

4. Hamish Fulton. Walking East (29.10.2021 – 20.02.2022): Proxecto expositivo do artista Hamish Fulton resultado do seu percorrido a pé e en solitario dende Fisterra ata Hendaia.

5. Itinerancia da exposición Pingas rompentes ao Museo do Mar de Vigo (1.10.2021 – 9.01.2022).

6. Itinerancia da exposición Néboas de luz ao Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense (5.11.2021 - 16.01.2022).

Estes dous proxectos expositivos nos que o CGAC itenera ao Museo do Mar de Vigo e ao Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense unificanse baixo o lema Unha mirada a Galicia. Colección CGAC. Nestas itinerancias realizaranse distintas actividades vinculadas con estes proxectos.

XERENCIA DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Sección 40
Programa 432B
Código de proxecto 2015 00414


ORZAMENTO 2021

	DESCRICIÓN	CRÉDITO VIXENTE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.141.129,40
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	467.547,00
	INVESTIMENTOS	491.262,00
CAPÍTULO VI	FUNCIONAMENTO DO CGAC	760.000,00
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.862.938,40
	Incremento no capítulo VI mediante transferencia para os proxectos do Xacobeo 2021-2022	340.000,00

Sección 40
Programa 432B
Código de proxecto 2015 00414

PROXECTO ORZAMENTO 2022

	DESCRICIÓN	CRÉDITO VIXENTE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.141.129,40
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	477.965,00
	INVESTIMENTOS	362.414,00
CAPÍTULO VI	FUNCIONAMENTO DO CGAC	838.048,00
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.822.556,40

COMPARATIVA DOS ORZAMENTOS DOS ANOS 2021 – 2022

EXPOSICIÓNS 2022



SUSO FANDIÑO. WUNDERKAMMER

COMISARIA: MÓNICA MANEIRO

11 FEBREIRO - 15 DE MAIO 2022

PRIMEIRA PLANTA, DOBRE ESPAZO E VESTÍBULO

En 1952 André Malraux publica *Le Musée imaginaire de la sculpture mondiale*, un texto capital na historiografía da arte do século XX, relegado ao segundo plano pola preeminencia dos discursos estéticos posmodernos derivados do situacionismo francés. Malraux antecede neste texto unha forma de concibir a Historia da Arte como disciplina aberta, na que a historia dos estilos se desdébuxa en favor dun entendemento cruzado, co que se abre lugar ás conexións *indebidas*, múltiples e baseadas nos afectos e as subxectividadeas. Este museo imaxinario de Malraux achegábase en espírito aos procedentes do museo moderno, situándose perto dos gabinetes de curiosidades, as cámaras de marabillas nas que os burgueses e nobres do renacemento continuaban a tradición medieval coleccionando todo tipo de obxectos estraños xunto a obras de arte. Fronte ao cubo branco

que Brian O'Doherty sinalaba como espazo expositivo propio da arte contemporánea, as cámaras de curiosidades eran espazos cambiantes, abigarrados, nos que os obxectos non tendían a disporse creando discursos sinalados, senón narracións cruzadas e móbiles, microhistorias que conectaban emocionalmente co espectador.

Nesta exposición Suso Fandiño propónnos unha serie de percorridos e enlaces pouco habituais, debuxando un espazo museístico no que as obras conectan entre si creando relacións punzantes. Trátase ante todo de activar no espectador a necesidade de buscar significados ocultos. Dende esta posición propónnos un espazo de xogo e reflexión sobre a morte do autor, a futilidade do discurso hexemónico na historiografía artística, o papel do espectador na arte, o xogo político de fronteiras, o marketing ideolóxico, a baixa e a alta cultura ou a análise da linguaxe como sistema de configuración do pensamento. Todo isto o fai utilizando a obra artística como medio dende o que reflexionar sobre o social a partir da descomposición e reorganización dos produtos da sociedade de consumo.

VELVETNIRVANA

COMISARIO: MIGUEL VON HAFE PÉREZ

4 DE MARZO - 19 DE XUÑO 2022

SOTO

Exposición temática que inclúe discos, fotografías —entre elas algunhas de Robert Mapplethorpe, Roberta Bayley ou Le Black Childers e Paulo Nozolino—, libros, flyers, carteis, obxectos e obras de Peter Saville e Jamie Reed. Aborda o impacto cultural do punk entre The Velvet Underground, onde coincidiron cun poeta roqueiro como Lou Reed; John Cale, un músico que traballara con La Monte Young, un dos alicerces do minimalismo musical

norteamericano, e Nico, unha personaxe de The Factory de Warhol) e o simbolismo xeracional de Nirvana, con Kurt Cobain.



SANDRA GAMARRA. BUEN GOBIERNO

EXPOSICIÓN PRODUCIDA POLA COMUNIDADE DE MADRID

COMISARIO: AGUSTÍN PÉREZ RUBIO

11 DE MARZO - 29 DE MAIO 2022

PLANTA BAIXA


Sandra Gamarra Heshiki (Lima, Perú, 1972). Na actualidade, vive e traballa entre Lima e Madrid. No seu traballo utiliza os mecanismos do mundo da arte, procesos de produción, exhibición, divulgación e comercialización, para reflexionar sobre a realidade. Para ela a ficción, a tradución e a selección son ingredientes esenciais da realidade, pero a grande escala disólvense no espectáculo, de xeito que se fan imperceptibles. O seu traballo ironiza sobre os devanditos procedementos e fainos visibles para cuestionar a nosa participación neles.

A súa obra propón que unha das maneiras de responder e de facer fronte a unha realidade que se presenta como inabarcable é utilizar os seus propios mecanismos de creación, friccionando con valores como novidade, autoría, orixinalidade e unicidade. Baseado na apropiación, o seu traballo actúa como un espello que despraza formatos expositivos, altera a circulación das imaxes e subverte a propiedade da cultura, así como

tamén a narrativa, entre a arte e o espectador. Dentro deste espazo de investigación, a súa herdanza peruana engade un nivel sincrético onde conflúen o precolombino colonial e a cultura occidental. Este proxecto cuestiona as ordes establecidas no imaxinario da sociedade española e peruana con respecto aos momentos nos que ambas as historias se cruzan.

O título *Bo goberno* ten a súa orixe no manuscrito *Primera crónica y buen gobierno*, asinado en 1615 por Felipe Guamán Poma de Ayala, natural da actual Ayacucho, no que retrata a realidade andina colonial e a través do cal lle solicita ao rei de España, Felipe III, unha reforma do Goberno virreinal para salvar o pobo andino da explotación, das enfermidades e das mesturas raciais, como sinónimo da desaparición da cultura autóctona.

Nesta exposición, a artista sinala como a orixe das nacións latinoamericanas está intimamente ligada ao propio nacemento de España e como unha mirada crítica sobre o bo goberno destes dous legados é a clave para construír outras formas de convivencia. Partindo da pintura como relatora da historia, a exposición comeza con cadros de corte historicista e dispostos á maneira dun espello, coma se este espazo se reflectise dun lado a outro, contando cada un a mesma historia de maneira diferente. Outros temas recorrentes presentes na súa obra, e nesta exposición, son a fragilidade da idea de natureza como xeradora permanente de bens ou como os museos occidentais saquearon outras culturas conquistadas e presentan os seus tesouros a modo de museos-mausoleos.



NARELLE JUBELIN. NALGURES

COMISARIA: NATALIA PONCELA

3 DE XUÑO - 16 DE OUTUBRO 2022

HALL E PRIMEIRA PLANTA

Narelle Jubelin naceu en Sidney, Australia, e desde 1996 reside en España. Entre 1985 e 1987, funda xunto a Roger Crawford Tess Horwitz e Paul Saint Firstdraft Gallery, un espazo xestionado por artistas que continúa funcionando. A súa metodoloxía de traballo baséase na investigación e na relectura de elementos históricos que son clave para explicar situacións do presente. Na súa obra, hai unha constante transmisión de imaxes entre diferentes técnicas de representación, e é unha das súas características o uso do bordado e do petit point.

A partir das investigacións e do proxecto realizados en 2018 sobre o Camiño Primitivo, expónse unha exposición que desenvolve as conexións entre o espazo, a arquitectura, os desprazamentos e as pequenas historias que están na orixe das cousas.

Narelle Jubelin afonda en *Nalgures* sobre a memoria do lugar, da paisaxe, das construcións humanas mais tamén sobre os modos de ocupación espacial e a definición formal de distintas producións culturais. Deste modo, neste proxecto específico para o Centro Galego de Arte Contemporánea, Jubelin introdúcenos na súa semántica e, nesta ocasión dun modo diferencial, incorporando a presenza doutras creacións: oito fotografías realizadas a mediados dos anos 70 en Galicia de Anna Turbau (Barcelona, 1949) e unhas pezas cerámicas descatalogadas de Sargadelos, a veces con súas embalaxes de cartón.

Nalgures sitúanos dentro dun espazo que está por definir, onde as coordenadas espaciais non atopan unha precisión enunciativa. A pesar de ter topografías definidas este proxecto expositivo configura un novo lugar. Seguindo a Foucault, enunciariamos unha heterotopía, entendida ésta como esa impugación mítica e real do espazo que estamos a habitar.

Durante os procesos de traballo, Narelle Jubelin vai definindo as súas obras tendo como punto de partida a pescuda e a análise dos contextos nos que se enmarcan os seus proxectos. Deste modo, observamos o seu afondamento na memoria deste contexto concreto [do CGAC, de Santiago de Compostela, de Galicia] remitíndose a uns determinados referentes artísticos e culturais mais tamén está presente a súa propia biografía. Todo iso configura a urda e a trama, dun tecido ben imbricado, cunha aguda resolución formal. Algo que se subliña nun uso persistente do tecido. Ora desde bordado ora desde o tecer. A escolla destas técnicas, tradicionalmente modos de produción domésticos, asociadas ao xénero feminino, aparecen resignificados en *Nalgures*.



O MUSEO COMO ESCENARIO

COMISARIADO: COOPERATIVA PERFORMA
COLABORACIÓN CO FESTIVAL PLATAFORMA

10 DE XUÑO - 11 DE SETEMBRO DE 2022
PLANTA BAIXA E DOBRE ESPAZO

ARTISTAS PARTICIPANTES

ROSANA ANTOLÍ, MARTA PAZOS, JUAN LÓPEZ & MARC VIVES, BERIO MOLINA & MACARENA MONTESINOS

A proposta deste ano para a terceira edición de Plataforma é facer das salas do museo un escenario onde as performances teñan lugar no marco dunha exposición titulada *O museo como escenario*. As salas do CGAC convértense nun lugar de produción e experimentación onde as artes vivas entran dun xeito habitual. As instalacións específicas creadas polos artistas para este proxecto poden funcionar como instalacións autónomas con ou sen intérpretes e que tamén poden ser activadas polo espectador.

O proxecto pasa por convidar a Marta Pazos a facer unha instalación cunha parte escénica no Dobre Espazo, de xeito que poida funcionar tamén de maneira autónoma e activada polos espectadores. Ao mesmo tempo, nuns monitores ou plasmas polo corredor amosaríanse en vídeo algunhas das súas montaxes teatrais para axudarlle ao espectador a contextualizar o seu traballo.

Rosana Antolí presentará o novo proxecto *El cuerpo obediente: la charca*, que é unha coreografía escénica experimental, unha obra en vivo que mostra a investigación ao redor da resistencia do noso corpo na sala das escaleiras da planta baixa. Un espazo coreográfico performativo híbrido que integra a audiencia como suxeito activo e que convida ao movemento a través do escenario, a observar os outros espectadores, ao mesmo tempo que os bailaríns e performers. En *La charca*, o espazo escénico transfórmase nunha paisaxe transitible para a experimentación, a especulación e a transformación do corpo. Esta peza incide na dimensión colectiva da experiencia social. A audiencia pasa a ser un axente colaborador, xa que van escollendo o seu punto de vista para experimentar esta historia de espazos interconectados. Por medio do canto e das voces dun coro, xérase unha harmonía sonora en constante repetición e

unha narración cantada.

O proxecto de Juan López e Marc Vives baséase na elaboración de pezas-partitura que poidan ser interpretadas ou traducidas por medio da voz. Para iso, realizarase unha instalación a base de traballos de debuxo con cemento, esculturas e encofrados. Contra os muros instalaranse contra-formas tipográficas realizando unha composición de pseudofonemas. Neles, confrontarase a idea de debuxo e volume coa de forma e contra-forma tipográfica. Esa contra-forma, ese aire ao redor da letra, é o que o artista Juan López utiliza para construír novos signos, novos códigos para compoñer algo novo. Os sons non existen antes de seren atopados, senón que dependen de ser localizados e activados. Marc Vives encárgase desta misión coa súa interpretación da partitura.

Con Berio Molina veremos diferentes opcións, sempre pensando en que faga algo específico ou que retome algunha peza pouco coñecida adaptándoa aos espazos do CGAC. Podería utilizar a sala da planta baixa coa ventá e contar con Macarena Montesinos para a performance. A capacidade e o interese do traballo de Berio nas súas instalacións, pezas sonoras, performance, películas, edicións, a súa traxectoria ligada a tantos proxectos colectivos e as súas colaboracións con tantos artistas fan deste artista unha das figuras máis interesantes do panorama galego.

Rosana Antolí (Alcoi, Alacante, 1981) é unha coreógrafa e artista visual residente en Londres. A súa carreira artística buscou a hibridación entre diferentes disciplinas, como o vídeo, a performance, a pintura e a escultura, coa coreografía e a danza como nexo de unión. É licenciada en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia e cursou un mestrado en Performance (Departamento de Escultura) no Royal College of Art en Londres. O seu traballo foi exposto en espazos como Las Cigarreras en Alacante, o Centro Federico García Lorca en Granada, DA2 de Salamanca, o Centre del Carme en Valencia, La Casa Encendida en Madrid, o Centro en Madrid, a Tate Modern de Londres, ARTIUM de Vitoria ou

a Fundació Joan Miró, entre moitos outros. A súa obra forma parte de importantes coleccións, como a do IVAM en Valencia, a Fundación Montemadrid, Artium de Vitoria ou a Colección DKV.

Marta Pazos (Pontevedra, 1976) é unha das creadoras máis efervescentes da vangarda escénica española. É directora de escena, dramaturga, escenógrafa, diseñadora de vestuario e intérprete. O traballo de Pazos destaca pola súa dimensión plástica e a súa emancipación estética máis alá dun teatro realista. As súas montaxes teñen unha forte carga de beleza e un impacto visual que permanece na retina dos espectadores durante longo tempo. Como directora artística de Voadora, desenvolve xunto á compañía unha linguaxe propia baseada na plástica, na música, na hibridación de disciplinas e na investigación escénica constante. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona, na especialidade de Pintura, completa a súa formación en Italia na Scuola Cònia de la Societas Raffaello Sanzio, dirixida por Claudia Castellucci. Desde o ano 2000, dirixe teatro e ópera para entidades como o Centro Dramático Nacional, o Teatro Real, o Teatro Español, o Teatro Lliure, o Teatro de la Abadía, o Centro Dramático Galego e o MA Scène Nationale de Francia. Recibiu o Premio de Honor ao Mérito nas Artes Escénicas da MIT Ribadavia, o Premio de Honor Dorotea Bárcenas en 2018 e catro premios de teatro María Casares como directora de escena e escenógrafa.

Juan López (Alto Maliaño, Cantabria, 1979) é autor de vídeos e de instalacións efémeras realizadas para interiores ou exteriores, pero o debuxo é a base fundamental de súa produción. Nos seus proxectos de interior utiliza este medio e as cintas adhesivas para modificar a percepción do espazo por parte do espectador. Nos seus traballos de exterior, lanza ao público mensaxes que adoptan aspectos da linguaxe publicitaria, pero que non venden nada. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Cuenca, López presentou mostras individuais no Centre d'Art La Panera,

no OK Centrum de Linz, na galería La Fábrica, en Artium, Matadero, Bellevue (Linz), na Sala Naos de Santander, no Espai 13 da Fundació Joan Miró, no Centre Santa Mònica, no ECAT de Toledo e en La Casa Encendida. Concibe a súa obra como a plasmación da visión persoal daquilo que o rodea, o corta e pega é o seu principal recurso formal e a súa produción garda unha relación moi estreita coa realidade. No caso dos murais, sempre traballa a partir de fotografías que realiza pola rúa a elementos ou situacións que lle chaman a atención, como soportes publicitarios ou mobiliario urbano.

Marc Vives (Barcelona, 1978) traballa nas cuestións que rodean a produción e a práctica artística. Participou en proxectos como YProductions, Hamaca, Por La Vena, Radiobucket. Tamén foi membro do grupo de investigación da Fundació Antoni Tàpies e comisario dun ciclo de exposicións na Galería SIS e, recentemente, puxo en marcha o programa de residencias en performance e artes visuais en L'Estruch (Sabadell). Entre 2000 e 2012, formou parte do dúo Bestué/Vives, con obra nas coleccións do MUSAC, MACBA, MNCARS, CGAC e outras.

Berio Molina (A Fonsagrada, Lugo, 1979) é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Ampliou os seus estudos en arte interactiva na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona cun mestrado en Artes Dixitais e no Rochester Institute of Technology (RIT) de Nova York cun mestrado en Deseño Gráfico por Ordenador. Desde 1999, interesouse pola creación colectiva e foi membro do grupo de acción Flexo, co que ademais organizou o Festival de Novas Tendencias IFI; do colectivo escoitar.org e do colectivo de arte e acción libre alg-a, onde tamén administra a editora de arte sonora Netlabel alg-a. Actualmente, acaba de presentar xunto a Alexandre Cancelo o filme 7 Limbos (2019) e de publicar o libro Setras (2018), un estudo sobre a escritura acusmática que foi Premio Especial do Xurado nos Puchi Award, outorgado por La Casa Encendida e a Editorial Fulgencio Pimentel. O seu traballo presentouse en festivais

internacionais, como o Festival de Cine Independiente Márgenes, o Istambul International Experimental Film Festival, o 12th Athens Digital Arts Festival en Grecia, Dança em foco en Rio de Janeiro, o Festival Internacional de Videodanza en Chile, FIVU en Uruguai, Artesons en Lugo, OFF ICMC, LEM e Sonar en Barcelona ou Cleveland Performance Art Festival nos Estados Unidos. O seu traballo foi exposto en museos como MARCO, CGAC, LABORAL, LCD en Portugal, Hong-Gah en Taiwan, SMAK en Bélxica, KUMU en Estonia ou a Fonoteca Nacional de México.

Macarena Montesinos (Vigo, 1982) é unha artista visual, violoncellista, improvisadora, e investigadora no campo da arte sonora. Actualmente, é docente e investigadora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, da Universidade de Vigo, onde estuda a relación que existen entre as partituras gráficas, a improvisación sonora e a arte de acción. É integrante dos grupos de improvisación sonora 23RedAnts, do cuarteto de corda Suelen Estar Quartet, do trío Fonogenia, da orquestra de improvisación dirixida Metamovida, da Orquestra de 10 Música Espontánea de Galicia OMEGa e do dúo de sonorización en directo de cine 16mm. Recentemente, participou no Festival de Cine Filmadrid, en Tabakalera Donostia, no MUSAC. Hoxe en día, ten máis dunha ducia de discos publicados en selos discográficos europeos e americanos. No eido das artes escénicas, traballou e realizou varias estancias de investigación en proxectos das coreógrafas Mercé de Rande, Mónica García, Ánxela Blanco e Nuria Sotelo. No mundo da arte de acción, á parte de desenvolver accións en solitario, colaborou en producións de María Roja, Alba Blanco, Idoia Zabaleta ou Berio Molina, que levaron a cabo no 2019 o proxecto Piqui Piqui, na Sala X de Pontevedra. Así mesmo, traballa decotío na composición e interpretación para producións audiovisuais.



RANIERO FERNÁNDEZ E O CONTEXTO DA FOTOGRAFÍA EN GALICIA DENDE 1950 A 1970

COMISARIOS: MANUEL SENDÓN E XOSÉ SUÁREZ
CANAL


1 XULLO 2021 - XANEIRO 2022

SOTO

O fotógrafo Raniero Fernández realiza, durante as décadas cincuenta e sesenta do século pasado, unha interesante obra, que co paso do tempo adquire unha importante relevancia. A súa actividade como fotógrafo está estreitamente vinculada coa que desenvolveu como presidente da *Agrupación Fotográfica Gallega* durante o período no que esta tivo a maior actividade, actuando, con grande entusiasmo e xenerosidade, como dinamizador dos concursos, publicacións... Compre ter presente que toda a actividade fotográfica non profesional durante os anos cincuenta e sesenta realizouse no seo das agrupacións, e que a AFG foi a primeira en constituírse e a que levou adiante maior actividade. Compre lembrar que dentro desta potenciou o debate entre as novas propostas fotográficas representadas por Ricard Terré e a fotografía que se estaba a facer nas agrupacións fotográficas. Mais como posteriormente diría Terré, en Galicia houbo fotógrafos que realizaron unha fotografía diferente á doutras agrupación, menos pomposa e menos académica.

As súas imaxes, están lonxe da estética tardopictorialista que caracteriza á fotografía afeccionada dese momento. Moitas delas lémbraos a Cartier-Bresson e a Doisneau, dun xeito moi particular a extensa serie que realizou no porto de Vigo. Fotografías de gran rigor formal, nas que o interese no son os efectos de luz propios da época, senón unha elegante representación da vida nos peiraos. Por outra banda cabe resaltar os proxectos de fotografar de xeito sistemático, os hórreos e os cruceiros a través da xeografía galega, nos que segundo dicía perseguía facer en fotografía o que Castelao tiña feito debuxando. Busca arquivística que tamén empregou ao abordar a orfebrería relixiosa, xerando series moi lonxanas da estética concursística, que hoxe a luz da fotografía contemporánea adquiren un importante interese, traéndonos á mente a obra de artistas contemporáneos.

Todo isto fai que neste momento compra a revisión da obra de Raniero dende unha óptica contemporánea contextualizándoa na súa época.



CLAUDIO ZULIAN. VITE

COMISARIO: SANTIAGO OLMO

30 DE SETEMBRO 2021 – FEBREIRO 2022

PLANTA BAIXA

Claudio Zulian, director de cinema, videoartista, músico e escritor, desenvolveu gran parte do seu traballo incidindo sobre a autorrepresentación dos colectivos ou das comunidades e debullando o simbolismo que conteñen as imaxes. Para iso mergúllase en cada un dos contextos e

xera grupos de traballo e de discusión que constrúen en parte o resultado final. Así operou en numerosos proxectos, no contexto da reconversión mineira do norte de Francia en Lille; da emigración romanesa a Castelló, no barrio do Carmel en Barcelona, que foi destino da emigración desde a década de 1950 ata a actualidade; na pequena poboación de Salt, moi preto de Xirona, que acolle unha maioritaria poboación africana e musulmá, ou no Vallés, onde abordou o pasado industrial e a emigración xunto ao despegue económico. Pero tamén abordou o impacto da pandemia na campiña do Veneto, en Italia, de onde é orixinario, ou as dificultades dos nenos e adolescentes das barriadas de París. Con estas premisas, propúxoselle traballar nun proxecto sobre Santiago de Compostela. As diversas consultas que se realizaron na cidade dirixiron a atención cara a Vite. Antes do estalido da pandemia, aproveitando a súa participación nas actividades da exposición *We Refugees* en 2019, realizou algúns contactos e estableceu un plan de traballo para crear un proxecto específico, no que incluíu vídeo e fotografía cun formato de instalación. A mostra complétase cunha selección de traballos anteriores que xiran ao redor de dous eixes; por unha banda, a importancia narrativa da plano secuencia e o movemento da cámara e, por outra, obras de contido social que explican os antecedentes do proxecto específico para Santiago e o CGAC. Iniciáronse conversacións para itinerar a exposición ao MNCARS e á Fundación Vilacasas de Barcelona, en cada lugar cun formato diferente.

Claudio Zulian (Campodarsego, Padova, Italia, 1960) é doutor en Estética, Ciencia e Tecnoloxía das Artes pola Universidade París Saint-Denis, dirixe a produtora Acteon, reside en Barcelona e traballa entre España e Francia. A carreira de Claudio Zulian desenvólvese principalmente nos campos do cinema, das videoinstalacións e do teatro. En 1993 crea Acteon, a produtora con sede en Barcelona coa que realizará os seus proxectos. En 1998, expone no Centre de Cultura Contemporània de Barcelona a exposición *Escenas del Raval* (1998), onde busca darlles

visibilidade aos espazos e á xente dese barrio barcelonés. Paralelamente, dirixe un documental sobre o mesmo tema que forma parte da instalación. No ano 2002, publica o libro de relatos *Horas de la ciudad* (2002), un conxunto de 24 historias ao redor do tecido urbano e dos seus habitantes. A súa vontade de mostrar novas formas de relación entre a sociedade e os medios audiovisuais continúa en traballos posteriores, como a instalación fotográfica *Visiones del Carmel* (2003) ou a videoinstalación *L'avenir* (2004) –encargo da Capitalidade Cultural Europea de Lille, da que fai unha versión documental premiada en todo o mundo–, onde reflexiona sobre a vida e as ilusións dunha desindustrializada vila mineira do norte de Francia. Con *A través del Carmel* (2006), exposto como documental dun único plano secuencia, pero tamén como videoinstalación, gaña o Premi Ciutat de Barcelona e o Premi Nacional de Cinema de Catalunya. O interese de Zulian polos excluídos da imaxe audiovisual faise de novo evidente co retrato dun colectivo romanés en *A lo mejor* (2007), encargo do EACC de Castelló, co retorno ao barrio do Carmel e aos seus anos adolescentes en *Después de la violencia* (2009) e en *No será lo mismo* (2010), ou coa evocación dun futuro mellor en *Entusiasmo* (2012), realizada en colaboración con colectivos de veciños e inmigrantes da vila de Salt (Xirona).

No ano 2011, Zulian é seleccionado polo AlJazeera International Documentary Film Festival e nominado ao mellor documental sobre arte no PriMED polo seu traballo *Fortuny y la lámpara maravillosa* (2010), onde explora as relacións entre Oriente e Occidente a partir da obra do deseñador e escenógrafo Marià Fortuny i Madrazo. No 2013, o Jeu de Paume de París dedica un ciclo retrospectivo á súa obra e presenta un novo traballo: *Power no Power* (2013).

En 2014 estrea *Born*, unha película de ficción ambientada a principios do século XVIII na que, a través das historias de tres personaxes que realmente existiron, explora o comezo das relacións íntimas e sociais que son aínda as nosas.

Realizou proxectos para centros como o CAAC de Sevilla, o CA2M de Madrid ou La Virreina de Barcelona.



EXPOSICIÓN COLECTIVA DE ARTISTAS GALEGOS DA COLECCIÓN CGAC.

COMISARIO: SARA DONOSO E SANTIAGO OLMO
SETEMBRO / OUTUBRO 2022


A Colección CGAC, de maneira natural prestou sempre unha especial atención á escena galega. Esta, é o seu contexto inmediato, no que se desenvolve, desde onde o centro, observa e aborda a cultura contemporánea: Galicia como punto de vista e tamén como obxecto de investigación e estudo.

As posibilidades dunha colección son enormes porque funciona como un documento vivo que crea realidades e propicia experiencias: as exposicións poden desenvolverse de múltiples maneiras, en forma historicista, en diálogos de contrastes que se basean en discusións formais, estilísticas ou argumentais, ou como centradas en temas.

Coincidindo co Xacobeo 2021/2022, parecía aconsellable poder levar a outros puntos de Galicia a colección CGAC e elaborar desde os seus fondos unha exposición con obras de artistas galegos que reflecta a realidade do país. Os obxectivos son difundir a súa importancia, explicar a utilidade dunha colección pública e mostrar que se trata dun patrimonio público común de todos os galegos.

Por ese motivo pensouse nunha imaxe tematicamente acuática ou "mariñeira" para o Museo do Mar de Vigo e unha exposición menos temática e máis formalista para o espazo Marcos Valcarcel de Ourense.

Para a programación do CGAC do 2022 plantexase ofrecer unha versión unificada destas dúas exposicións. Ao mesmo tempo se propón a inclusión de outras pezas e artistas que por problemas de espazo e de montaxe non puideron ser incluídos naquelas exposicións.



CAMIÑAR

COMISARIOS: SANTIAGO OLMO E ALBERTO CARTON

Considerando a extensión do ano Xacobeo ao 2022 e a importancia para o CGAC da temática vencellada tanto á peregrinación como ao camiño ou ao feito mesmo de camiñar plantexase unha exposición que prosigue a temática das dúas exposicións colectivas Camiños I e II. Nesta nova entrega inclúiranse pezas e artistas que por cuestións de espazo e prazos de préstamo non puideron ser mostrados previamente. A mostra propónse tamén o gallo de subliñar a importancia do camiñar como feito estético.



OLGA MESA - RETROSPECTIVA

COMISARIA: NEKANE ARAMBURU

2023

Olga Mesa é unha figura esencial para comprender a intersección entre a danza, a performance, as artes visuais e os dispositivos escénicos. compañeira de La Ribot, durante os seus primeiros anos desenvolveu o seu traballo en Francia, onde colaborou de maneira moi estreita con Francisco Ruiz de Infante, un artista inclasificable en cuxa obra é central a construción dun dispositivo escénico que dialoga coa mirada do espectador. Esta retrospectiva é a primeira exposición que se realizará en España nun museo sobre esta artista e o seu obxectivo é presentar de maneira articulada a súa produción máis relevante e influente, que polo xeral non se atopa ao dispor do público.

Gran parte das súas obras realizounas en tándem xunto ao artista Francisco Ruiz Infante. Trasládouse a Nova York no ano 1984, onde produciu as súas primeiras coreografías breves. No ano 1994, estreou en Madrid o seu primeiro espectáculo completo, co título Lugares intermedios. A súa incorporación de linguaxes multimedia ampliou a súa colaboración interdisciplinar. Entre as súas primeiras obras, convén salientar estO NO eS Mi CuerpO, no ano 1995, dentro do programa Madrid en danza. Outra creación de relevancia dos noventa foi a súa obra Solo acompañado, presentado en Vitoria dentro do programa Fuera de Campo. A súa obra foi evolucionando cara a unha preocupación pola mirada e a observación,

marcada polo seu interese cara ao cinema. As obras do final da década dos anos noventa e principios do 2000 datan as súas producións *Daisy Planet* (2000), *Más público, más privado* (2001) e *Suite au dernier mot (au fond tout est surface)* (2003). Foi artista residente en Pôle Sud.

No ano 2021, Barcelona dedica un ciclo dun mes en recoñecemento á súa traxectoria no Mercat de les Flors.



NOVOS IMAXINARIOS, O CINEMA MAIS ALÓ DA PANTALLA

COMISARIOS: MIGUEL ÁNGEL DELGADO E NICOLÁS COMBARRO
2023

Máis aló das propostas que investigaron sobre as novas formas do cinematográfico, desde as vangardas ata o cinema expandido, o cinema contemporáneo avanza na procura de novos territorios. Estes espazos parten dunha longa tradición que se remonta ás orixes do cinema antes da consolidación da sala como espazo hexemónico de proxección. Nesta traxectoria o museo consolídase, cada vez máis, como un punto clave onde o novo cinema ten lugar, acollendo nas súas salas as propostas e discursos máis experimentais dos últimos anos. O proxecto profunda na creación cinematográfica recente máis experimental, en España, e contextualízaa no marco dunha reflexión sobre o cinema máis aló da pantalla.

A exposición artículase a partir de tres eixes: instalacións cinematográficas, ciclo de proxeccións,

conferencias e encontros cos cineastas. Levarase a cabo unha selección de obras pensadas para seren instaladas nas salas do museo. O programa de cinema concibido para ser proxectado no auditorio do museo estende o campo de investigación sobre os conceptos expostos e recolle traballos que non teñen natureza expositiva. Por último, as conferencias e encontros achegan as propostas aos autores e as temáticas desenvolvidas por esta nova xeración de creadores contemporáneos.

Na escolma de autores participantes, destacan figuras do que se denominou como Novo Cinema Galego. Todos eles son representantes dunha nova xeración no cinema de autor en España e a maioría xa conta cunha traxectoria internacional recoñecida e asentada. Cun amplo recoñecemento en festivais e circuítos de cinema, aínda non asentaron unha presenza expositiva en museos e centros de arte e esta mostra busca darlles ese lugar, especialmente nun centro como o CGAC que xa conta con autores de cinema na súa colección como Alexander Sokurov e considerando ademais que Galicia presta especial atención e apoio ao cinema de autor.

Ciclo de cinema e conferencias:

Para apoiar esta mirada ao cinema desde o museo, realizarase en paralelo unha programación con longametraxes destes autores e unha selección de cineastas da mesma xeración e comprensión do cinema como Diana Toucedo, César Velasco Broca, Jaione Camborda, Pilar Monsell, Luis López Carrasco, Sally Gutiérrez, entre outros.

Os encontros e conferencias virán apoiar tanto a proposta expositiva como a programación paralela coa presenza dos autores, teóricos e programadores.

Na publicación, incluíranse colaboracións de Luis E. Parés ou Alberte Pagán que contribúen a alimentar esta reflexión sobre o cinema no museo.

AUTORES PARTICIPANTES

OLIVER LAXE, LAIDA LERTXUNDI, LOIS PATIÑO, ISAKI LACUESTA, MANDI BARBER, ALBERT SERRA, HELENA GIRÓN

ACTIVIDADES 2022

CURSOS



A CONSTRUCCIÓN DA MODERNIDADE: VANGARDAS E POSVANGARDAS. CURSO DE ARTE, CULTURA E HISTORIA

12 XANEIRO - 01 DE XUÑO

DIRECCIÓN: MARÍA LUISA SOBRINO MANZANARES

O contido deste curso abarca desde principios do século XX ata a Segunda Guerra Mundial, cuxo estalido constitúe a primeira gran quebra na traxectoria da cultura e da arte. Un período que xorde en distintos puntos de Europa e que supón unha das etapas máis creativas da súa historia. Trátase do que coñecemos como vangardas históricas. A traxectoria da arte coincide cunha suma de avatares políticos tras a primeira década do século —a Gran Guerra, o triunfo da revolución soviética, máis tarde a guerra civil española e, finalmente, a Segunda Guerra Mundial— que acabarían arrasando o continente. Porén, o transcurso destes mesmos anos supón un período esperanzador para a arte. Un entusiasmo fundamentado na grande evolución da tecnoloxía e a nova ciencia. O desenvolvemento do automóbil e dos primeiros avións, o perfeccionamento da fotografía ou o fomento das artes escénicas provocarán novos e descoñecidos modos de ver o mundo.

As artes plásticas desenvólvense nunha serie de

correntes ou ismos cos que os propios autores ou os seus principais críticos denominaron as distintas experiencias artísticas. Así, o expresionismo, fauvismo, cubismo, futurismo, dadaísmo, suprematismo, construtivismo, neoplasticismo e surrealismo supoñen as principais orientacións.

Máis que un relato histórico ou artístico, a vangarda significou unha complexa estrutura de esforzos persoais e afinidades. Un espazo temporal cheo de discontinuidades, diferenzas e quebras. Desde os seus comezos, toda a actividade destas primeiras décadas do século constitúe un ámbito de experimentación guiado tanto por un espírito combativo como polo seu intento de alcanzar a utopía.



CURSO DE HISTORIA DA ARQUITECTURA. INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA IV. EDICIÓN ONLINE

MARZO - XUÑO 2022

DIRECCIÓN: FERMÍN BLANCO

Nesta nova edición do curso sobre as intrahistorias da arquitectura abordaremos novos temas e profundizaremos noutros xa tratados en edicións anteriores. Partindo da

arquitectura como eixe vertebrador para achegarnos transdisciplinarmente á arte, á cultura, á política, á historia, á artesanía, á economía, á estética e á educación.

FEMININO PLURAL: CATRO EVANXELISTAS DA MODA NA ARTE CONTEMPORÁNEA

MARZO 2022

DIRECCIÓN: BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS

O curso monográfico ofrece unha reflexión a arredor da transversalidade entre dúas disciplinas artísticas como son a moda e a pintura a través da obra do que chamamos "evanxelistas da moda" Sonia Delaunay (1885-1979), Tamara de Lempicka (1898-1980), Maruja Mallo (1902-1995) e Frida Kahlo (1907-1954). Falamos de catro artistas femininas que desde a vangarda contemporánea lle insuflaron vida nova á arte e souberon romper os cánones establecidos tanto nas súas biografías como na súa indumentaria.

SEMINARIO (CONTRA)CULTURAS

OUTUBRO 2022

O seminario *(Contra)culturas* nace como un espazo de encontro para investigadoras e investigadores mozos que traballen no eido da cultura contemporánea: nas artes plásticas, na creación audiovisual, na filosofía, na literatura, na arquitectura ou en calquera outro tipo de rama relacionada co sentido cultural na actualidade. Toda investigación de carácter cultural debe interactuar co entorno en que se inscribe, polo que tecer redes entre diversos campos é fundamental para fomentar perspectivas máis completas e inclusivas. O seminario pretende, dende una perspectiva aperturista, artellar un debate interdisciplinario arredor dos sentidos, das problemáticas, dos lugares, dos axentes e das diferentes formas da cultura contemporánea, para posibilitar o desenvolvemento de novos enfoques conxuntos e vías de

investigación innovadoras ou descoñecidas ata o momento.

Ademais das relacións, tensións e diferenzas entre os conceptos de cultura e contracultura, abordará cuestións como os procesos colaborativos na creación artística, a arte comprometida politicamente, os procesos creativos de carácter interdisciplinario, as denominadas "políticas da arte" ou a politización da forma e o deseño.

Trataranse dúas cuestións de absoluta pertinencia na sociedade dixital, a dialéctica entre a pólis virtual e o espazo físico, onde se pretende abordar a situación postpandémica da coñecida dialéctica que dá nome ao congreso, ademais de volver sobre as novas perspectivas das cuestións xa coñecidas, como a xentrificación, o estado das industrias culturais, o asociacionismo veciñal, a creatividade política, os espazos contraculturais como lugares para a diferenza ou as canles de creación alternativa.

SIMPOSIO/XORNADA SOBRE LAXEIRO COA COLABORACIÓN DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES

SEMINARIO SOBRE FOTOGRAFÍA EN GALICIA EN 1950 -1970

OUTUBRO 2022

Nas últimas décadas, a fotografía documental adquiriu unha importancia central nos museos e coleccións de arte contemporánea, xa que constitúe unha ferramenta de comprensión insubstituíble dentro do dispositivo expositivo dunha colección.

Como complemento á exposición *Rainiero Fernández e o contexto da fotografía en Galicia dende 1950 a 1970*, o CGAC organiza un Seminario no que trataremos de afondar e revisar este período crucial da historia e do desenvolvemento da fotografía en Galicia.

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2021

O FUTURO DOS MUSEOS: RECUPERAR E REIMAXINAR

18 MAIO 2022

Cada ano o ICOM propón un lema co que invitar aos museos, aos seus profesionais e as comunidades xurdidas arredor deles a celebrar o Día Internacional dos Museos.

O obxectivo do Día Internacional dos Museos (DIM) é concienciar sobre o feito de que os museos son un importante medio para o intercambio cultural, o enriquecemento das culturas, así como para o desenvolvemento da comprensión mutua, da colaboración e da paz entre os pobos.

Como todos os anos, o CGAC unirase á celebración programando actividades dirixidas aos diversos públicos vinculadas á música, ás artes sudiovisuais e á arquitectura.

RUTA ARQUITECTÓNICA. O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ

ANUAL

DIRIXIDA POLA ARQUITECTA CARMEN REY

Unha ruta arquitectónica pola cidade partindo do CGAC, a primeira obra de Álvaro Siza Vieira en Santiago de Compostela, ata a facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela parandos noutros fitos da arquitectura contemporánea Compostelá, como o conxunto de Xoan XXIII, a residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorroto; a quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con obras de César Portela, Arta Isozaki e Antón García Abril; e o Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso.

MÚSICA



(IN)VISIBLES E SONORAS. XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2021

XUÑO 2022

O CGAC colaborará unha ano máis na organización das Xornadas de Música Contemporánea xunto co Concello de Santiago (Compostela Cultura), a USC, a Deputación da Coruña e o Consorcio da cidade. As xornadas inclúen distintas actividades vinculadas coa música ademais de coloquios e concertos.

As actividades son de balde, previa retirada de invitación.

FILOCAFÉ

ABRIL - XUÑO 2022

O primeiro domingo de cada mes (excepto se cadra cunha ponte), o CGAC, en colaboración coa Asociación Galega da Crítica, ofrece novos encontros para filosofar e gozar dun café diante dunha obra de arte. Os filocafés no CGAC, dirixidos por profesionais de diversos ámbitos disciplinares, son conversas públicas nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou nivel de coñecemento.

Unha vez ao mes, retiramos unha obra de arte da ColecciónCGAC dos almacéns do museo para que nos acompañe e propicie un debate sobre ela. A peza elixida

funciona como motor de arranque para unha conversa. Pero non falamos de arte, ou non só de arte, senón de calquera cuestión que suxira a obra no ámbito temático, conceptual, formal ou anecdótico. Poderase falar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade... de asuntos mundanos ou elevados, de xeito que todas as persoas que o desexen poidan opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que vaian xurdindo de xeito espontáneo.

TALLERES

TALLERES CON ARTISTA

Coincidindo coas súas respectivas mostras nas salas do CGAC os artistas Suso Fandiño, Narel Jubelin e Claudio Zulian impartirán uns talleres baseados na súa propia experiencia artística. Estes talleres están dirixidos a estudantes de Belas Artes, Historia da arte e profesionáis da cultura.



CONFERENCIA PERFORMATIVA DE OLGA MESA E NEKANE ARAMBURU, COA PARTICIPACIÓN DE FRANCISCO RUÍZ DE INFANTE

2 DE MARZO 2022

Un diálogo sobre algúns puntos esenciais da obra da

coreógrafa e artista visual asturiana Olga Mesa onde se compaxinará a teoría coa práctica, desgranando algunhas das claves para entender a produción escénica vencellada á caixa branca e o cubo negro.

Esta parte do proxecto de revisión do traballo de Olga Mesa ten un sentido fundamental para producir un acercamiento a su trayectoria artística, y su camino sensible y conceptual que traduce una necesidad urgente de una nueva política del cuerpo y la mirada, cuestionando a través de sus creaciones la presencia del otro y su relación con el mundo.

Esta confrontación de puntos de vista irase construíndo ante a participación activa dos espectadores. Unha forma de percibir a comunicación non só como público senón como receptores-cómplices capaces de integrarse nesta proposta creativa e pedagóxica de transmisión(es).

Olga Mesa é unha figura esencial para comprender a intersección entre a danza, a performance, as artes visuais e os dispositivos escénicos. Compañeira de La Ribot, durante os seus primeiros anos desenvolveu o seu traballo en Francia, onde colaborou de maneira moi estreita con Francisco Ruiz de Infante, un artista inclasificable en cuxa obra é central a construción dun dispositivo escénico que dialoga coa mirada do espectador.

TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA. MIES É + (2022)

MARZO - MAIO 2022

Os talleres, que teñen lugar a última fin de semana de cada mes, desenvólvense baixo a dirección do arquitecto e educador Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves necesarias para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos.

Nesta edición profundaremos novamente no pensamento dos grandes pioneiros co habitual acento nas nosas

pioneiras: Kisho Kurokawa. Jane Drew, Lacatton-Vassal, Neufert e César Manrique.

TALLERES DE LECER

XULLO 2022

Un ano máis o CGAC programará talleres didácticos durante o tempo de lecer dirixidos a nenos e nenas de distintas idades. O obxectivo deste programa é achegar o público infantil á arte contemporánea desde o lecer a través das mostras temporais que se presentan no CGAC. Ao longo de catro sesión os participantes poden adquirir estratexias para a creación e a reflexión sobre o mundo que os rodea e experimentalo a través a arte.

TALLERES PARA FAMILIAS. PRÓXIMA

PARADAAAAA! ARXENTINA

MARZO - XUÑO 2022

En 2022 haberá cunha nova edición de *Talleres para familias* no CGAC. A actividade está dirixida a familias con nenos e nenas de entre 4 e 9 anos que queiran descubrir o amplo universo da arte contemporánea ou profundar no seu coñecemento.

Unha viaxe polo mundo indagando sobre diferentes culturas e xeitos de facer. Nesta ocasión pulsaremos o botón de parada na Arxentina, onde baixaremos para explorar o traballo de cinco artistas cuxas miradas, intereses e recursos artísticos nos darán pistas para experimentar e crear xogando co espazo, a percepción e as cores, a proporción, a distorsión, a ambientación e a ilusión sensorial.

TALLERES DE NADAL

DECEMBRO 2022

Durante as vacacións de nadal o CGAC acolle talleres dirixidos a nenos e nenas.

Unhas actividades dirixidas aos máis pequenos coas que poderán experimentar e explorar a arte contemporánea.

Un tempo para coñecer e mergullarse nos procesos creativos a través das linguaxes, soportes, materiais, técnicas e conceptos propios da arte máis actual. Logo de visitar as exposicións do CGAC, os nenos e nenas pasarán ao taller onde experimentarán con materiais de diversa procedencia, explorarán, coas cores, coas texturas dos materiais etc.

VISITAS ÁS EXPOSICIÓNS



VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS DURANTE A FIN DE SEMANA

ANUAL

Todos os domingos o público pode achegarse ao CGAC para gozar das mostras expositivas acompañado por mediadoras especializadas en arte. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

Para participar nesta actividade non é preciso solicitar cita previa. As visitas parten da recepción do CGAC ás 12:00 h. Poden participar desde unha persoa até un máximo de 25 persoas. O grupo fórmase por orde de

chegada. As visitas teñen unha duración aproximada de 50 minutos. A actividade é de balde.

VISITAS GUIADAS Á ARQUITECTURA E Á HISTORIA DO CGAC

ANUAL

O programa de visitas guiadas arredor da arquitectura e a historia do CGAC ten lugar o primeiro sábado de cada mes.

Durante o transcurso destas visitas fálase do deseño de Álvaro Siza Vieira e da súa estreita relación formal e conceptual co parque de Bonaval e coa cidade que o acolle. Percorremos desde o pórtico exterior ata a cuberta do edificio na que está instalada de xeito permanente a obra Triangular Pavilion do artista Dan Graham.

VISITAS GUIADAS CON CITA PREVIA

ANUAL

O CGAC ofrece visitas guiadas gratuítas ás súas exposicións temporais de martes a venres para todos os colectivos ou persoas que o desexen. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

No caso dos grupos escolares dos ciclos de educación infantil e de primaria, o persoal do Departamento de Actividades e Educación diseña, ademais, talleres didácticos específicos para complementar a visita as mostras artísticas.

SESIÓNS DIDÁCTICAS EN LIÑA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA. DESCUBRINDO A ARTE CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO 2021 - XUÑO 2022

Nestas sesións didácticas realizamos unha presentación con imaxes de diferentes obras de arte contemporáneas deténdonos na diversidade de soportes, materias, discursos, miradas e posibilidades expresivas e experimentais da arte actual. Combinamos a mostra de imaxes con dinámicas creativas dirixidas ao alumnado dirixidas a grupos escolares de Educación Primaria.

O obxectivo desta actividade é achegar a arte aos centros educativos e estimular o interese das novas xeracións na creación artística do seu tempo.



VISITAS DIDÁCTICAS EN LIÑA.

UN ACHEGAMENTO Á ARTE CONTEMPORÁNEA: O CGAC E A SÚA COLECCIÓN

SETEMBRO 2021 - XUÑO 2022

Durante as sesións realizaremos unha presentación con imaxes dos diferentes espazos, montaxes e exposicións históricas do CGAC exemplificando a través dos múltiples soportes, miradas e discursos das obras da Colección CGAC os diversos xeitos de facer da arte actual.

Estas visitas está dirixidas a Cursos de ESO e bacharelato e o seu O obxectivo deste servizo é achegar á arte aos centros educativos e estimular o interese das novas xeracións pola creación artística do seu tempo.

SERVIZO DE VISITAS GUIADAS PRESENCIAIS PARA CENTROS ESCOLARES

SETEMBRO 2021 - XUÑO 2022

O CGAC conta cun servizo de visitas comentadas ás súas exposicións temporais. O obxectivo deste servizo é estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte. Os grupos irán acompañados por mediadoras especializadas en arte que activarán un diálogo, entre as obras e o alumnado, **adaptado ás diferentes idades ou perfís.**

CONGRESOS



VII CONGRESO DE ARTE DE ACCIÓN. FUGAS E INTERFERENCIAS

OUTUBRO 2022

O congreso está organizado pola Universidade de Vigo e contará coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

O obxectivo fundamental do congreso centrarase na análise e reflexión sobre os novos comportamentos da arte de acción, tanto desde a práctica como desde a reflexión teórica.



COLABORACIÓN CO FESTIVAL PLATAFORMA. FESTIVAL DE ARTES PERFORMATIVAS 2022

MAIO - XUÑO 2022

Plataforma es un festival de ciudad, transversal, comprometido con el urbanismo y la riqueza patrimonial material e inmaterial de Compostela, con su diversidad, con la igualdad, con la ecología, con la tradición y con la innovación cultural, convencidos de que es desde la creatividad desde donde podemos construir un futuro más amable y responsable.

PROPOSTAS DE ADQUISICIÓN 2022

Entre as obras de interese para a colección que quedaron en suspenso, por diversos axustes entre as compras de 2019 e as de 2020 figuran as seguintes:



KIKO PÉREZ

SEGUNDA PARTE, 2018

PINTURA AO ACEITE E COLLAGE SOBRE PAPEL

81 x 71 CM

OFERTA DE COMPRA: 5.500,00 € (IVE INCLÚIDO)

OFERTANTE: GALERÍA HEINRICH EHRHARDT (MADRID)

Baixo o título *Misterio*, Kiko Pérez presentou na Galería Heinrich Ehrhardt en 2018 a súa terceira exposición individual. Dentro deste proxecto, aparece a peza *Segunda parte* (2018), que ten outra homóloga co mesmo título.

A obra sobre papel *Segunda parte* (2018), presenta unha serie pezas en forma de cortinaxes rítmicos que, ao igual que as esculturas, voltan a cuestionar e pronunciarse sobre o ótico nunha especie de desconcerto visual cercano a algúns dos plantexamentos icónicos de *op art*. Tiras de papel que en xogos

cromáticos degradados xeran unha métrica lineal en descarada oposición á redondez das formas escultóricas.



JUAN LÓPEZ

KIT PARA NOVO IMAXINARIO (#5 DA SERIE HIMNO), 2019

ALTOFALANTE, GUITARRA, CINCHAS, LÁMPADA, MATERIAL ELÉCTRICO

70 x 80 x 131 CM

OFERTA DO ARTISTA, MADRID: 1.650,00 € (IVE INCLÚIDO)

Coa *Serie Himno*, Juan López realiza distintas aproximacións á idea de himno a partir da música que Pascual Veiga compuxo para o himno galego. Impondo distintos condicionantes en cada unha das pezas da serie, trata de xerar distintas lecturas e plantexar cuestións sobre as ideas de comunidade, carácter, unión, cohesión ou representatividade, pero tamén ao mesmo tempo, sobre as ideas de diferenciación,

disfunción ou desunión. Xoga coa idea de himno e o que significa, cómo e para qué se utiliza, para plantexar preguntas sobre a nosa identidade comunitaria: que é o que nos une, cómo vemos aos outros, cómo nos ven os outros.

En *KIT PARA NOVO IMAXINARIO (#5 DA SERIE HIMNO)*, plantexa qué pasaría se se trouxeran algunhas das características do imaxinario dos popes da cultura rock (Hendrix, Towsend,...) ao terreno do himno galego?. Esa pregunta é a que plantexa esta peza dentro da *Serie Himno*, proporcionando os elementos necesarios que completan ese kit de uso do noso himno nun novo contexto, cun novo imaxinario.

Esta obra completaría a outra obra en vídeo de Juan López, *ST. #2 (DA SERIE HIMNO)*, que xa forma parte da colección CGAC.



MAR CALDAS

COIDADORAS. SERIE FACEDORAS DE BUEU, 2017
FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CON TINTAS
MINERAIS K3

EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.

110 x 139 CM

OFERTA DE COMPRA: 3.200,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: A ARTISTA



MAR CALDAS

REGATEIRAS. SERIE FACEDORAS DE BUEU, 2017
FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CON TINTAS
MINERAIS K3

EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.

117 x 110 CM

OFERTA DE COMPRA: 3.200,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: A ARTISTA



MAR CALDAS

ARGACEIRA. SERIE FACEDORAS DO BAIXO MIÑO, 2017

FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CON TINTAS
MINERAIS K3

EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.

120 x 110 CM

OFERTA DE COMPRA: 3.200,00 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: A ARTISTA

Compartindo obxectivos, metodoloxía e formulación


conceptual, ambas series visibilizan as aportacións das mulleres ás comunidades das que forman parte, contribuindo desde a arte contemporánea ao seu recoñecemento social. Nas fotografías recóllense ámbitos laborais altamente feminizados ou tarefas nas que a participación feminina é elevada.

Tan importante é o feito de visibilizar como a forma en que se fai. Seguindo a lóxica do monumento, a escea fotográfica enmárcase no espazo público. As mulleres son retratadas en lugares significativos ou relacionados coa súa actividade laboral. Posan con vestimentas, obxectos ou elementos propios do labor que desenvolven amosándose fortes, orgullosas, donas de sí.

As imaxes fotográficas compóñense recollendo o legado da historia da arte. Xéneros pictóricos ou obras de artistas como Rafael, Caravaggio, Plautilla Nelli, Tiziano, Velázquez, Goya ou Manet tomáronse como referentes. Varias obras de Maruja Mallo foron referencias de primeira orde. É moi salientable o diálogo establecido coa pintora galega, non só por ter retratado a mulleres vigorosas e plenas, en actitudes decididas e firmes; senon porque Mallo adicou unha serie pictórica (*La religión del trabajo*) aos traballos do campo e do mar protagonizada íntegramente por mulleres. E precisamente esta serie foi abocetada en Bueu durante o verán de 1936.

Outro artista galego revisitado de forma moi significativa é Carlos Maside, xa que este pintor representou profusamente á muller traballadora de clase popular realizando distintos labores. Tema escasamente representado polos seus coetáneos e aínda menos como o fixo Maside: dignificando á muller galega e rexeitando a idealización e o pintoresquismo.

Se o proxecto *Facedoras* ten anclaxe na historia da arte, e sobre todo da pintura, outro vínculo palpable é co teatro. Lonxe dunha estética naturalista, a iluminación e as poses evidencian o artificio e a teatralidade. Son, por tanto, fotografías escenificadas, *tableaux vivants*.



ROLAND FISCHER

CGAC, SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2004

C-PRINT DIASEC

166 X 213,5 CM

OFERTA DE COMPRA: A CONCRETAR CO ARTISTA

OFERTANTE: O ARTISTA

A obra *CGAC, Santiago de Compostela*, realizada por Fischer na contorna do proxecto global de dez artistas invitados a representar a súa particular visión de Santiago de Compostela na exposición do CGAC, *Compostela (2004)*, está adicada á primeira arquitectura de Álvaro Siza en España, o CGAC.

As distorsións producidas polas superposicións establecen outros parámetros diferentes e dun xeito moi preciso trasladan ao fotógrafo á perspectiva do cubismo, non tanto como un elemento de análise, senón como un recurso visual que se adquiriu desde a pintura e se integro una percepción cotiá. Mistura a visión interior e a exterior de partes concretas do edificio, evocando unha mirada onírica remarcada polo uso do branco e negro.



NANO4814

SEN TÍTULO, 2020

RESINA DE POLIURETANO E CORDA

90 x 40 x 24 CM

OFERTA DE COMPRA: 3.300,00 € (IVE INCLUÍDO)

OFERTANTE: O ARTISTA, MADRID

As instalacións de Nano4184 apuntan nunha dirección diferente á habitual, a aparente desorde visual responde á complexización das súas formulacións e o entrecruzamento de disciplinas: vestixios narrativos e apuntamentos de autoficción, o fervedoiro do tráfico urbano como cruzamento de miradas e linguaxes, metadiscursos que exploran a disfuncionalidade da arte, a música, o universo skate e o muralismo rueiro. Desencadeamento de prácticas contaminadas que parece ser o verdadeiro signo do noso tempo.

ADQUISICIÓNS SARGADELOS

A importancia crecente do deseño en termos de relato para a historia da arte fai aconsellable poder incluír na colección do CGAC pezas, maquetas ou produtos, así como carteis ou publicacións relevantes.

A relevancia de Sargadelos e o Laboratorio de Formas no contexto galego fai que estas pezas acompañen o relato e enriquezan o dispositivo expositivo.

As propostas de compra son as seguintes:

XERRAS OU GRAN PARTE DAS XERRAS DE SEOANE DE PERSONAXES MEDIEVAIS

OFERTA DE COMPRA: 170,00 € C/U

OFERTANTE: SARGADELOS

XERRAS GRANDES (DEBEN QUEDAR 2 OU 3 ENTRE CERVO E SADA)

OFERTA DE COMPRA: 320,00 € C/U APROX.

OFERTANTE: SARGADELOS

CASTELAO, REALIZADO POR LEIRO (HAI 2 VERSIÓNS: AZUL E COR PALLA)

OFERTA DE COMPRA: 3.000,00 € - 4.000,00 €

OFERTANTE: SARGADELOS

É importante poder negociar con Sargadelos a cesión ou depósito dun dos tapices. Sería moi importante poder crear un arquivo de documentación no CGAC que incluíse publicacións antigas (a partir de 1950), por exemplo, edicións con portadas de Seoane ou de Isaac Díaz Pardo que con seguridade aínda ten Sargadelos proveniente de Edicións do Castro.

DAVID LAMELAS

Contéplase a adquisición de obras fotográficas e videográficas:

DESERT PEOPLE: 55.000 €

TIME AS ACTIVITY DÜSSELDORF: 60.000 €

PARIS FILM: 48.000 €

BRUSSELS PHOTOGRAPHS: 48.000 €

ANTWERP PHOTOGRAPHS: 48.000 €

Tras a organización da exposición de David Lamelas, que recolleu un intenso eco mediático, parece aconsellable a compra dunha peza deste artista, non necesariamente presente na exposición pero que incida en liñas xa abertas da colección, como a sección de arte conceptual e a dos anos sesenta e setenta.

A compra realizarase a través da Galería Jan Mot de Bruxelas.



ELENA ASINS

FRAGMENTO D 24 6, 1980

DEBUXO A TINTA SOBRE PAPEL

156 x 330 CM

OFERTA DE COMPRA: 48.000,00 € (IVE INLUIDO)

OFERTANTE: FREIJO GALLERY (MADRID)

PREZO REAL DE VENTA: 65.000,00 €

A Galería Freijo de Madrid ofreceu unha peza moi singular de Elena Asins, que faleceu hai uns anos, a partir da inauguración dunha exposición da devandita artista na Galería Trinta.

Trátase dunha obra relacionada coas secuencias musicais que cultivou a artista entre os anos setenta e primeiros oitenta. É unha peza de grandes dimensións que habería que explorar detidamente e estudar as posibilidades de restauración, xa que unha parte do papel está danado pola luz. Trátase dunha franxa duns 15 cm no extremo onde se sitúan data e firma.

A oferta é economicamente moi vantaxosa pero habería que considerar a viabilidade dunha restauración e valorar o seu custo en relación ao prezo.



DAMIÁN UCIEDA CORTÉS

CAMIÑO NEGRO, 2017-2020

FOTOGRAFÍAS B/N

EDICIÓN 1/5 + 2 A.P.

56 ELEMENTOS DE 48 x 60 CM C/U

OFERTA DE COMPRA: 40.526,20 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: O ARTISTA

Tras visitar a exposición de Damián Uceda na Normal da Coruña do seu proxecto Camiño negro, que consiste na documentación das paisaxes polas que atravesa, enterrado, o oleoduto que conecta a refinaría co porto, solicitei ao artista que puidese facer unha oferta económica. Paréceme un proxecto exemplarmente realizado, tanto na documentación como na realización. Uceda é un artista que ten unha moi sólida formación técnica.



JAUME PINYA

SERENA, 1992

DEBUXOS SOBRE PAPEL

6 ELEMENTOS DE 37 x 50 CM C/U

OFERTA DE COMPRA: 3.960 € (IVE INCLUIDO)

OFERTANTE: O ARTISTA

Jaume Pinya iniciou a súa carreira nos anos setenta no ámbito experimental da poesía, a performance, a arte postal e un certo activismo, pero co cambio de década, a principios dos oitenta, a súa práctica basculou cara á pintura, aínda que sempre cun marcado ton poético.

Estas obras pertencen a un momento da traxectoria do artista, moi reflexivo e meditativo, próximo á vivencia directa da natureza. As acuarelas forman parte dunha serie titulada *Serena* ("resío" en catalán): o artista deixa papeis de acuarela espaxados entre a herba ao longo dun camiño na atardecida e recólleos á mañá seguinte impregnados da humidade do resío, coas augadas tinturas das herbas e as flores húmidas, coas lenes marcas dos insectos, para posteriormente no estudio reinterpretar esa combinación de marcas e manchas coa acuarela. O proceso é tanto camiño e percorrido (aleatorio e impreciso) no sentido espacial, como duración (indeterminada, entre o *luscufusco* e o *abrente*) no sentido temporal.

VARIOS

En canto a adquisicións hai que considerar a importancia que pode ter para a colección o proxecto de Claudio Zulian sobre Vite e os acordos de licenza, cesión ou compra que se poderían realizar cos cineastas da exposición sobre o Novo Cinema Galego.

Algo parecido hai que ter en conta coa exposición de fotografía galega 1950-1980.

Sería moi importante ademais poder facer negociacións con arquivos como o de Virxilio Vieitez.

Iniciáronse conversacións para que Sandra Gamarra ofrezca en doazón dúas vitrinas intervidas que forman parte da exposición *Bo Goberno* que se presentará no CGAC en marzo 2022. Co obxectivo de completar esta doazón propónse a adquisición dunha serie de debuxos sobre papel da serie homónima. Prezo e número de unidades a determinar.

Tendo en conta estas propostas parece razoable poder manter en 2022 a mesma cantidade orzamentaria que en 2021 para adquisicións da Colección CGAC.

